A xestión de fotocopias da Conserxería a través de pdfs ao email foi impecable

O uso do proxector na aula e dun piano electrónico posibilitan unhas clases de Análise e Harmonía mais dinámicas.

A resposta rápida e eficiente por parte do equipo directivo, cando hai algún problema material a resolver (falta de auriculares na aula de NNTT por exemplo).

A implementación da aula virtual, o que permitiu diversificar as ferramentas pedagóxicas empregadas, e o contacto co alumnado.

O bon ambiente no centro en xeral e no departamento en particular.

6.2.4 Propostas de mellora no funcionamento xeral do centro

Unha conexión a internet máis rápida e estable.

A instalación dunha roseta para a conexión a internet por medio de cable facilitaría enormemente o acceso a internet para o visionado e audición de material didáctico colgado na rede.

As clases de Análise na Biblioteca non funcionan de xeito adecuado. A imposibilidade de tocar os exemplos musicais no teclado e de non dispoñer dunha pizarra pautada ralentizan o ritmo da clase e merman a ilustración de conceptos.

A renovación progresiva dos ordenadores da aula de NNTT que comezan a estar



un pouco limitados.

Si é posible, na ratio da materia de Itinerario de Musicoloxía non sobrepasar o número de postos informáticos existentes na aula de NNTT, xa que no desenvolvemento da clase é fundamental poder contar cun ordenador conectado a internet por alumna.

Promover por razóns de eficacia e responsabilidade que a maioría das reunións de profesorado se celebren de xeito telemático. Este ano de pandemia amosounos que as reunións telemáticas non só son perfectamente posibles se non moito máis eficaces. É posible que no próximo curso continúen problemas sanitarios que aconsellen aínda as reunións telemáticas, pero aínda no caso de que non fose así, o mantemento das mesmas evitará comportamentos ambientalmente irresponsables como que a maioría do profesorado empregue o seu vehículo particular para asistir a unha reunión presencial dunha hora de duración.

Unha parte do departamento (non hai unanimidade), propón suprimir o sistema de adxudicación de horario baseada no expediente académico. Este método favorece “valores” como a competitividade que contradín os que figuran habitualmente na maioría das PD (cooperación, traballo en equipo, coavaliación...). Se desgraciadamente en todo o sistema educativo hai unha sobrevaloración inexplicable da cualificación por riba doutros moitos aspectos educativos, engadir aínda un novo incentivo para elo non fai máis que perverter de xeito infame a apreciación que o alumnado pode ter da mesma.

6.2.5 Actividades extraordinarias e complementarias do Departamento

Non se realizaron actividades extraordinarias.



6.3 Departamento de Conxunto

6.3.1 Datos do alumnado

-Alumnado total do departamento

-Alumnado por materia

O alumnado está repartido nas diferentes materias e agrupacións pertencentes ao Departamento de Conxunto:

Conxuntos, Banda, Orquestra, Coro e Música de Cámara

6.3.2 Obxectivos do profesorado para o curso

(Xose Luis Miguélez, Conxunto Gaita, Conxunto Acordeón)

Facer que os estudantes entendan a música coma un aspecto fundamental da formación do individuo.

Fomentar a musicalidade e creatividade.

Practicar a lectura a primeira vista no instrumento

Conseguir que o estudante acade un bo control do instrumento en xeral, coitando a posición e correspondencia da coordinación na interpretación da música.

Aumentar memorización e imaxinación musical, así como a conexión entre o ouvido e o instrumento.

Empregar puntualmente as diferentes escolas interpretativas, tendo en conta a evolución en distintos períodos da historia da música que concerne ás especialidades instrumentísticas, e especialmente as referidas á escritura rítmica e á ornamentación que deberá axustarse, cando proceda, ás obras a interpretar.

Asegurar que o repertorio inclúa a mellor quenda de obras representativas das diversas épocas e estilos cunha dificultade acorde ao nivel.



Seleccionar o grao de dificultade das obras ou material de traballo a interpretar para tratar de conseguir o mellor resultado do labor de conxunto do alumnado conforme a colectividade desta disciplina no curso.

-Obxectivos acadados

(Ana Belén, conxunto de piano)

Acadar un maior coñecemento dos diversos estilos compositivos e poder situalos na súa contorna histórica.

Empregar diversas técnicas interpretativas e aplicarlas correctamente segundo as esixencias estilísticas das obras.

Elaborar un amplo e estilísticamente moi diverso repertorio neste curso.

Aplicar unha ampla e variada gama sonora, de xeito que o axuste do son se realice en función do outro Piano do conxunto e das necesidades interpretativas da obra.

(Ángel Montes, Banda D Junior)

Afondar no coñecemento dos diferentes estilos e dos recursos interpretativos de cada un deles.

Elaborar criterios persoais e razoados sobre cuestións estéticas a través do traballo do director ou da directora e da experiencia do grupo que lle permitan cumprir coa súa responsabilidade como intérprete dentro deste.

Dominar o propio instrumento de acordo coas esixencias de cada obra. Aplicar en todo momento a audición polifónica para escoitar simultaneamente as diferentes partes ao mesmo tempo que se executa a propia, demostrando a sensibilidade auditiva necesaria para perfeccionar gradualmente a calidade sonora.

Utilizar unha ampla e variada gama sonora, de maneira que o axuste de son se



realice en función dos demais instrumentos do conxunto e das necesidades interpretativas da obra.

Adquirir e aplicar progresivamente ferramentas e competencias para o desenvolvemento da memoria.

Desenvolver a capacidade de lectura a primeira vista.

Aplicar con autonomía progresivamente maior os coñecementos musicais para a improvisación co instrumento.

Valorar a práctica en grupo como un proceso de aprendizaxe imprescindible para o futuro exercicio profesional.

(Berta Fresco, Música de Cámara)

Acadáronse todos os obxectivos para o curso, a pesar da cancelación das clases presenciais durante varias semanas no segundo trimestre. O interese e a implicación dos alumnos permitiron seguir coa marcha do curso, elaborando gravacións de audio.

(Débora González, Conxunto Piano)

En termos xerais, os obxectivos foron acadados. A situación sanitaria fixo que os alumnos de conxunto non puideran ensaiar presencialmente (nas súas casas ou nas cabinas) e que tivéramos que traballar coas gravacións da parte de cada alumno compartidas dixitalmente, reducindo a práctica presencial á hora da clase semanal. Seica o dominio dos xestos de concertación, que se poderían pulir mais, foi compensado pola pulcritude da medida para gravar os audios das pezas.

(Elvira Rodríguez, Coro II)



Todo o alumnado que resultou apto na 3ª avaliación, acadou os obxectivos (contidos mínimos) propostos na programación. Nalgúns casos con reparos como comantarei mais abaixo no apartado de propostas de mellora.

(Iago Lariño, Conxunto de Frutas)

O curso 2020/2021 estivo condicionado polo protocolo COVID e pola activación do protocolo de ensino virtual durante case toda a segunda avaliación. Isto condicionou en gran medida a consecución e o grado dos obxectivos acadados para este curso. Obxectivos como o que fai referencia á interpretación en público ou á interpretación en grupo foron acadados dun xeito mínimo. Sen embargo, ese ensino virtual facilitou afondar máis noutros como analizar e valorar a calidade da música, tomar conciencia da importancia dunha escoita activa así como valorar o silencio como elemento indispensable para o desenvolvemento da concentración.

(Jose Manuel Fernández, Orquestra A)

Considero que aínda na situación de ter un curso con clases semi presenciais, ou sexa clase presencial cada dúas semanas, os obxectivos da materia conseguíronse con bastante calidade.

Iso débese ao un alto grao de compromiso, actitude, estudo e asistencia por parte da maioría dos alumnos e alumnas que cada semana de clase non presencial, enviaban gravacións dos fragmentos das obras que traballa a orquestra a que pertencía, ben a Orquestra Grupo 1 (12 alumnos) ou a do Grupo 2 (24 alumnos).

Durante o curso estas gravacións foron en xeral cada vez a mellor, algo que creo moi meritório.

Traballáronse obras de diferentes estilos e características que permitiron abordar



unha boa variedade de aspectos tanto musicais, de estilos e técnicos, destes últimos algúns de bastante dificultade; pero imprescindibles para o dominio propio dos instrumentos de corda.

(Leonardo Blanco, Orquestra B)

En xeral, pese ás dificultades de ter que organizar dous grupos de desdobre en conxunto de violins e orquestra debido ás medidas sanitarias motivadas pola covid, os obxectivos acadáronse de maneira bastante satisfactoria. No caso de conxunto, programáronse audicións de aula e en orquestra dúas audicións no mes de maio.

(Maidor Ordozgoiti, Conxunto Piano)

Respectar as normas que esixe toda actuación en grupo e valorar a interpretación en conxunto como un aspecto fundamental da formación musical.

Aplicar a audición polifónica para escoitar simultaneamente as partes ao mesmo tempo que se executa a propia, demostrando a sensibilidade auditiva necesaria para perfeccionar gradualmente a calidade sonora.

Utilizar unha ampla e variada gama sonora, de xeito que o axuste do son se realice en función do compañeiro de conxunto e das necesidades interpretativas da obra.

Coñecer e realizar os xestos básicos que permitan a interpretación coordinada.

Alcanzar o dominio técnico necesario para a interpretación das obras programadas para o curso.

Alcanzar un bo nivel de comunicación musical a través da vista, o xesto e a respiración nun contexto de dúo.



Interpretar obras representativas das diversas épocas e estilos dentro do repertorio para dous pianos, de dificultade axeitada ao nivel.

(Milagros Gómez, Coro I)

En xeral, conseguíronse os obxectivos do curso, salvo poder facer concertos de todo o coro debido ás restriccións pola Covid19. O alumnado traballou en grupos de 8/9 por ensaio. Deste xeito, a asistencia era de 2 clases cada trimestre, aproximadamente. Dende finais de abril fixemos 2 grupos por clase, un grupo os primeiros 25 minutos e outro nos seguintes 25 minutos. No final do terceiro trimestre, nas últimas dúas clases fixemos grupos cada 20 minutos para realizar os exames.

(Oscar Rodríguez, Música de Cámara e Orquesta de formación particular por COVID)

Aspectos como acalidade da afinación, a precisión rítmica, do tempo, o empaste e calidade sonora, o fraseo e solvencia interpretativa, entre outros moitos aspectos, son obxectivos a conseguir en cada clase. Os alumnos tiveron un bo seguimento durante o curso en canto ao traballo realizado e un axeitado rendemento, completando a programación establecida.

(Oscar Davila, Banda)

Avaliación diagnóstica do alumnado

Interpretación das pezas en grupo de 8 alumnos/as

Interpretación e gravacións das partes das pezas sobre audios.

Audicións de aula en grupos de 8 alumnos/as



(Oscar Davila, Música de Cámara)

Avaliación diagnóstica do alumnado

Audicións trimestrais do 1º e 3º trimestre

Participación no concerto de nadal

(Vanesa Nunes, Conxunto Clarinete e Música de Cámara)

Bo funcionamento e seguimento da programación plasmado no alto índice de aprobados dos discentes na materia de Música de Cámara e de Conxunto.

-Obxectivos non acadados

(Ana Belén, conxunto de piano)

No 2º trimestre non foi posible a realización da audición polo confinamento.

(Ángel Montes, Banda D Junior)

Por mor da situación de pandemia non se puideron acadar os seguintes obxectivos:

Interpretar obras representativas do repertorio da agrupación de acordo co seu nivel instrumental e reaccionar con precisión ás indicacións do director ou da directora.

Respectar as normas que exige toda actuación en grupo: afinación previa, atención continua, valoración do traballo colectivo, etc., e responsabilizarse en todo momento delas.

(Elvira Rodríguez, Coro II)



Continuando co parágrafo anterior, polo contrario, o alumnado que non acadou a cualificación positiva na avaliación non acadou tampouco os obxectivos e/ou os contidos mínimos do curso

(Iago Lariño, Conxunto de Frutas)

Levar a cabo a audición do segundo trimestre así como fomentar a participación en actividades de animación musical e cultural.

(Jose Manuel Fernández, Orquetra A)

Os obxectivos que traballáronse menos en clase por falta de tempo e que podería ser considerados como non acadados, son os de lectura a primeira vista e o referidos á memoria

(Leonardo Blanco, Orquestra B)

Non se puideron levar a cabo audicións con público, un obxectivo fundamental para os alumnos para adquirir un mínimo nivel de seguridade e confianza en si mesmos, tal e como está recollido na programación.

(Maider Ordozgoiti, Conxunto Piano)

Adoptar a actitude necesaria para a interpretación no piano a catro mans tendo en conta as particularidades da execución de dous intérpretes nun mesmo instrumento, tanto na función de primo como de secondo.

Potenciar o sentido da audición na interpretación de obras para piano a catro mans, tendo en conta as distintas esixencias sonoras en cada un dos contextos.

Interpretar obras representativas das diversas épocas e estilos dentro do repertorio de piano a catro mans, de dificultade axeitada ao nivel.



Interpretar obras de memoria dentro do repertorio escollido para cada curso.

Desenvolver a capacidade de lectura a primeira vista de pezas de dificultade elemental nunha execución a dúo, tendo en conta a dificultade da lectura simultánea.

Improvisar harmónica e melodicamente nun contexto de dúo empregando os elementos musicais propios do nivel e as ferramentas técnicas características da execución pianística.

(M^a José Arestín, Conxunto de Piano)

O único obxectivo que o alumnado de Conxunto de Piano non puido acadar foi o que aparece reflectido na adaptación da programación didáctica ao contexto COVID-19:

“Adoptar a actitude necesaria para a interpretación no piano a catro mans tendo en conta as particularidades da execución de dous intérpretes nun mesmo instrumento, tanto na función de primo como de secondo.”

(Milagros Gómez, Coro I)

Estudo dun maior número de obras durante o curso escolar e traballo con grupos máis numerosos.

(Oscar Rodríguez, Música de Cámara e Orquesta de formación particular por COVID)

O 27 de xaneiro ata o 12 de marzo (segundo trimestre) suspendéronse as clases debido ao evento global provocado pola pandemia (COVID), este tipo de agrupacións algúns dos obxectivos propostos na programación na sección (9.1.1



Oxetivose un dos obxectivos fundamentais desta clase que é coincidir na interpretación colectiva das obras, sendo isto completamente imposible (salvo un grupo de cámara por ser irmans) a través dos medios telemáticos, polo que se lles pediu facer unha gravación dos seus partes musicais individuais tratando de respectar a actuación individual e a musicalidade requirida nas obras entre outras, realizándose unha montaxe en video con ditas gravacións onde o seu bo resultado dependería en gran medida do traballo individual de cada un e para alcanzar algúns obxectivos propostos en programación.

(Oscar Davila, Banda)

Audicións trimestrais conxunta de todo o alumnado da Banda de Jazz

Audición de nadal

Audición de entroido do conservatorio

(Oscar Davila, Música de Cámara)

Audición trimestral do 2º trimestre.

6.3.3 Aspectos positivos a destacar no funcionamento xeral do centro

(Ana Belén, conxunto de piano)

A boa comunicación que existe entre o equipo directivo - departamentos - alumnado.

(Ángel Montes, Banda D Junior)

A liberdade na xestión da materia, tendo en conta que cada día non podían asistir máis de 8 alumnos/as á clase presencial.



(Berta Fresco, Música de Cámara)

A labor impecable do equipo directivo é un aspecto a salientar; dende a organización da axenda do curso entregada o primeiro claustro do ano, pasando por todos os documentos coma o calendario das audicións dos diferentes trimestres, organización das avaliacións, planificación de setiembre e xuño, publicación dos tribunais de GE, GP e Premios Fin de Grao, todo isto enviado coa máxima antelación, e nunha situación sanitaria complexa que estamos a vivir. Con todos estes aspectos, o certo é que o equipo directivo poñe ao claustro nunha situación privilexiada para poder facer o noso traballo do xeito máis doado.

(David Arroyos, Conxunto Fagot)

A organización e a planificación das diferentes actividades durante o curso e a xestión da problemática derivada pola pandemia de covid-19.

(Diego Caride, Música de Cámara)

Organización xeral do centro e compañerismo

(Elvira Rodríguez, Coro II)

Cito os aspectos mais destacados:

- organización de horarios
- boa xestión dos problemas derivados da pandemia
- atención persoalizada a cada profesor/profesora e á súa situación persoal
- flexibilidade e sensibilidade fronte á problemática dos departamentos complexos (como é o caso do departamento de Linguaxe Musical)
- xestión impecable por parte da Xefatura de Estudos.



(Felipe Agell, Música de Cámara)

Boa organización.

(Iago Lariño, Conxunto de Fautas)

Neste curso marcado polos cambios constantes no protocolo COVID ao comezo do mesmo, é moi destacable a capacidade de traballo, organización e planificación de todo o equipo directivo, así como a súa rápida resposta a todos ese cambios.

Outro aspecto positivo é a organización e a planificación xeral do curso académico, feita de xeito moi claro e anticipado.

No período da docencia telemática, a directiva defendeu ao claustro garantindo a súa saúde e traballou para que a labor do profesorado puidese ser realizada respectando as súas necesidades. Isto permitiu que se puidese escoller realizar a actividade lectiva dende a casa ou dende o propio centro. Así mesmo, é de agradecer que non se obrigase a empregar ningunha ferramenta concreta para as clases telemáticas. As necesidades das aulas teóricas e das instrumentais non son as mesmas polo que as ferramentas que se deben empregar poden ser diferentes.

A creación da Aula Virtual foi moi necesaria e axeitada. A activación do protocolo de ensino virtual fíxoa indispensable pero é unha ferramenta á que se lle pode sacar moito partido inda que a actividade sexa de carácter presencial. Por isto proporía seguir mantendo esa ferramenta como un apoio máis ás ensinanzas do centro, en consonancia co título da PEC do conservatorio: “Unha proposta de modelo organizativo de Centro no contexto do século XXI”.

(Jose Manuel Fernández, Orquestra A)

A organización interna e o protocolo covid foi moi eficiente



(Leonardo Blanco, Orquestra B)

O bo facer do persoal de administración e servizos, así como a total colaboración do alumnado na aplicación das medidas de prevención previstas no contexto da covid.

(Marcos Escobar, Música de Cámara)

O bo funcionamento de todo o centro en xeral, gracias á total implicación do equipo directivo, dada a actual situación de pandemia. A anticipación e preparación de todos os protocolos para cada unha das actividades, e o bo cumprimento deles por parte da maioría dos compañeiros e dos alumnos, fixo que o centro funcionase de maneira exemplar durante todo o curso, pese a algún intento, que pareceu de obstaculización, do normal desenvolvemento do centro.

(Xose Luis Miguélez, Conxunto Gaita, Conxunto Acordeón)

Boa comunicación co equipo directivo, moi boa organización do centro e xestión da crise sanitaria a nivel académico e organizativo, bo ambiente de traballo.

(Milagros Gómez, Coro I)

Organización dos espazos, actividades e concertos. Comunicación co profesorado. Resaltar a magnífica organización do funcionamento do centro seguindo as normas e protocolos Covid19, neste curso.

(Olalla Álvarez, Conxunto Oboe)

Como aspecto positivo a destacar no funcionamento xeral do centro diría que é a organización de todo o calendario escolar con: avaliacións, audicións, claus-tros...que xa se nos presenta ao inicio de curso.



Outro aspecto positivo en relación á materia de óboe é o feito de que se mercara un instrumento de estudo para préstamo externo e tamén unha máquina para o raspado das cañas; así como a hora de preparación de cañas da que dispoñía neste curso no meu horario tan necesaria na nosa materia.

(Oscar Rodríguez, Música de Cámara e Orquesta de formación particular por COVID)

Boa planificación por parte da dirección do funcionamento do curso académico e boa información nesta etapa que vivimos e do persoal de limpeza, conserxería, etc. .

(Oscar Davila, Banda)

As audicións trimestrais durante tres semanas.

Seguimento do alumnado mensual.

O proxecto “Coñece o noso conservatorio” para fomentar o coñecemento dos instrumentos e o conservatorio.

As actividades programadas no auditorio. A organización e control dos tempos.

A información aportada e o desenvolvemento do Centro por parte do equipo directivo ao longo do curso e no periodo de confinamento pola enfermidade da Covid-19.

Recursos adquiridos polo Centro para manter as medidas de protección pola pandemia da covid-19 e así poder desenvolver as clases con seguridade.

(Oscar Davila, Música de Cámara)

As audicións trimestrais durante tres semanas.



Seguimento do alumnado mensual.

O proxecto “Coñece o noso conservatorio” para fomentar o coñecemento dos instrumentos e o conservatorio.

As actividades programadas no auditorio. A organización e control dos tempos.

A información aportada e o desenvolvemento do Centro por parte do equipo directivo ao longo do curso e no periodo de confinamento pola enfermidade da Covid-19.

Recursos adquiridos polo Centro para manter as medidas de protección pola pandemia da covid-19 e así poder desenvolver as clases con seguridade.

(Pilar Simeó, Música de Cámara)

As medidas anticovid se respetaron en todo momento e o alumnado e profesorado puxeron o seu máximo esforzo aínda nos momentos de confinamento

(Sergio Lorenzo, Conxunto Piano)

Moi boa coordinación para dotar aulas con dous pianos para poder impartir a materia con seguridade e a dotación de todo tipo de desinfectantes para poder ter a máxima hixiene e seguridade para os alumnos, alumnas e os docentes na actual situación de emerxencia sanitaria.

(Susanda Blanco, Conxunto Violonchelo)

As dinámicas referidas á COVID funcionaron perfectamente.

(Vanesa Nunes, Conxunto Clarinete e Música de Cámara)



Bo funcionamento das actividades complementarias e extraordinarias especialmente con alumnado ce Conxunto de Clarinetes

Boa coordinación entre os docentes da materia da mesma especialidade e co departamento de vento madeira.

6.3.4 Propostas de mellora no funcionamento xeral do centro

(Ángel Montes, Banda D Junior)

Impartir clase de banda en grupos reducidos (8 alumnos/as no caso de banda neste curso) non aporta absolutamente nada relacionado coa materia. Son consciente de que o centro non pode xestionalo doutra maneira porque se debe á normativa de instancias superiores, pero considero que, nesta situación que estamos a vivir, debería prescindirse da materia de banda. Deste xeito suavizaríase a carga horaria do alumnado e liberaríanse espazos útiles para outras actividades do centro.

(Berta Fresco, Música de Cámara)

A posibilidade de poder utilizar as cabinas de estudio para que os alumnos de Cámara poidan ensaiar, sempre e cando a normativa sanitaria o permita e con todas as condicións de seguridade estipuladas.

Dada a demanda de alumnos de piano de 5º e 6º, sería preciso aumentar algunha hora máis de Música de Cámara para o departamento de tecla.

(Diego Caride, Música de Cámara)

Seguir mercando partituras da especialidade de saxofón

(Elvira Rodríguez, Coro II)



Neste curso tan atípico hai moitos factores que deberíanse analizar e estudar cara ao próximo curso para solucionarlos ou evitar, na medida do posible, que volva a pasar.

Cito os aspectos mais relevantes dende a miña perspectiva e con respecto á materia de Coro:

Hai moitos aspectos de réxime xeral que xa deixo reflectidos na memoria de Linguaxe Musical, razón pola que non vou repetilo na memoria deste departamento.

So vou incidir nos aspectos relativos ao Coro: este alumnado sufríu as consecuencias das decisións da administración educativa con respecto á súa preparación. Por un lado, e como xa levo destacando nos últimos anos, o tempo de clase é absolutamente insuficiente e, neste curso, aínda se reduciu mais pois o timbre de cambio de clase soaba a menos cuarto. Por outro lado a ratio de 1alumno/3metros é absolutamente discriminatorio con respecto ao alumnado de Linguaxe Musical (coa mesma problemática de emisión de partículas) e incluso discriminatorio co alumnado de banda pois este pode prescindir da mascara mentras toca pero non así o alumnado de coro.

Tendo en conta que a materia de Coro, malia o que subxace nos currículos educativos e ao modo de pensar de certa parte do profesorado anclada nos tempos de Matusalén, é unha materia fundamental PARA TODO O ALUMNADO DE ESPECIALIDADES MUSICAIS. Quero expor a miña proposta de cara ao próximo curso e que aínda que non resolva o problema pode axudar a sobrelevalo. A miña proposta é que se desdobren os grupos e que en vez de dous grupos de coro haxa como mínimo catro para que así o alumnado non se vexa na mesma situación que neste curso.

(Felipe Agell, Música de Cámara)

Do funcionamento xeral do centro non teño ningunha proposta de mellora. No



que se refire ás melloras do edificio sí propoño mellorar a acústica do auditorio, na parte do escenario. A miña proposta é invertir nunhas planchas de madeira sen buracos para cubrir o fondo e os laterais do escenario, o que melloraría o rebote acústico, e unha maior calidade do son.

(Iago Lariño, Conxunto de Frutas)

Debido a que este contexto covid previsiblemente seguirá existindo no próximo curso, penso que sería necesario poder cadrar os horarios dos grupos de música de cámara máis numerosos coas aulas máis grandes para evitar ter que dividir os grupos e que estes teñan clase cada dúas semanas.

(Leonardo Blanco, Orquestra B)

A actividade artística do centro é mellorable. Pese a estar nunha situación excepcional, outros centros da nosa Comunidade Autónoma organizan audicións en streaming, concertos fora do centro, actos de graduación, incluso ciclos de concertos no propio centro, coas debidas medidas de prevención en canto a control de aforos, distancia e máscara. Polo tanto, a pandemia non debe de supor un obstáculo neste senso. Asimesmo, tamén sería desexable unha maior oferta de cursos de formación.

(Xose Luis Miguélez, Conxunto Gaita, Conxunto Acordeón)

A aula de acordeón quédase moi pequena para as aulas de conxunto e colectivas, solicítase un espazo máis grande con piano.

(Milagros González, Coro I)

No tocante á asignatura de CORO sería desexable, agora máis que nunca, ter



un espazo máis amplo onde poder facer as clases, xa que se trata dun grupo moi numeroso e é moi difícil poder facer un ensaio axeitado debido á falta de espazo físico. Sería perfecto ter un aula máis grande, luminosa, ben ventilada, con colchonetas, con espazo para facer exercicios de respiración no chan, con espellos para o alumnado e piano/teclado de fronte ós alumnos, e por suposto, baixar a ratio dos grupos de Coro (en condicións normais, sen restriccións pola Covid19) para poder facer un traballo máis individualizado do que se fai habitualmente. Unha proposta sería facer 3 grupos de coro: 1^o-2^o, 3^o-4^o e 5^o-6^o. E outra proposta sería integrar a alumnado de distintos cursos en cada un dos tres grupos, sendo a mesma clase semanal para os tres grupos, algo que só sería posible se impartise as clases o/a mesmo/a profesor/a.

(Olalla Álvarez, Conxunto Oboe)

Sería moi interesante unha clase colectiva para os alumnos de óboe de grao elemental, xa que neste grao os alumnos non teñen ningunha clase en grupo é isto motiva moito cando se comenza a estudar un instrumento.

Outra mellora que suxiro é a de seguir mercando partituras da especialidade de óboe para ampliar as que xa temos na biblioteca.

Tamén sería de gran utilidade dispoñer dun óboe profesional na nosa aula.

En relación á actividade do centro “ coñece o noso conservatorio” penso que sería importante que unha persoa adulta acompañara a cada un dos nenos e nenas nesta actividade, xa que a pesares de presentarlle o instrumento todas estas semanas da actividade non se consegue que os nenos e nenas escollan estes instrumentos minoritarios como é o caso da nosa especialidade de óboe. Entendo que este ano ca situación que estamos a vivir non puido ser posible pero igual para futuros anos podería ser unha opción.



(Oscar Rodríguez, Música de Cámara e Orquesta de formación particular por COVID)

Se o curso próximo e a mencionada pandemia permíteo, propoño manter esa idea de portas abertas que se realizaron este curso onde os aspirantes sentan a escoitar as explicacións ou minis actuacións ofrecidas no centro sen interromper clases e trasladar esta idea ao auditorio, así como facer uso no posible para o seu efecto as clases de cámara e colectivas onde poidan ver os aspirantes os instrumentos que pretenden estudar executados polos alumnos ou grupos de alumnos e se é posible, que tamén os seus pais poidan asistir (se se dan estas condicións) á devandita actividade.

(Oscar Davila, Banda)

Publicidade dos instrumentos menos demandados.

Actividades didacticas e divulgativas dos instrumentos e o noso ensino dirixido os centros de primaria.

Ampliar a páxina web con información e imáxes da Banda de Jazz e demais agrupacións.

No proxecto “coñece o noso conservatorio” diseñar e repartir ós participantes un tríptico atractivo con información do centro e ampliar a súa participación aos pais-nais.

(Oscar Davila, Música de Cámara)

Publicidade dos instrumentos menos demandados.

Actividades didacticas e divulgativas dos instrumentos e o noso ensino dirixido os centros de primaria.

Ampliar a páxina web con información e imáxes da Banda de Jazz e demais



agrupacións.

No proxecto “coñece o noso conservatorio” diseñar e repartir ós participantes un tríptico atractivo con información do centro e ampliar a súa participación aos pais-nais.

(Pilar Simeó, Música de Cámara)

Que as medidas sanitarias se adapten a medida que avance o control da situación sanitaria xa que inflúen no normal funcionamento das audicións e outros obxectivos

(Susanda Blanco, Conxunto Violonchelo)

Sería bo se potenciáran as reunións telemáticas.

6.3.5 Actividades extraordinarias e complementarias do Departamento

(Ángel Montes, Banda D Junior)

Por mor da situación de pandemia no se realizaron actividades extraordinarias nin complementarias.

(Belén Ferreiro, conxunto violas)

Audición no auditorio o día 31 de maio.

(Berta Fresco, Música de Cámara)

Inclúo neste apartado as audicións de aula que tiveron lugar nas aulas C9 e C18, e as audicións do primeiro e terceiro trimestre, xa que aínda que están plantexa-



das para ser incluídas nas actividades de centro, debido á situación extraordinaria do segundo trimestre, na que a actividade lectiva foi de xeito telemático durante 7 semanas, e por tanto non puideron levarse a cabo, decidín incluír as que sí puideron realizarse, e darlles así unha maior relevancia, xa que para todos os alumnos/as foron decisivas para se reencontrar coa finalidade última de elaborar un programa, como é tocar en público.

(Débora González, Conxunto Piano)

Aínda que os alumnos fixeron audicións de aula, en realidade quixéramos podido ter mais tempo no auditorio. Moitos deles non puideron combinar os horarios porque nos turnos de escolla de datas da plantilla, case todo o cadro estaba cheo.

(Elvira Rodríguez, Coro II)

Por desgracia, e debido ás circunstancias, neste curso non me foi posible este tipo de actividades. Aínda que o alumnado de Coro en xeral botou en falta o tradicional concerto de Nadal.

(Iago Lariño, Conxunto de Frutas)

Gravación co alumnado de conxunto de fruta de 1º de grao profesional das obras traballadas durante o terceiro trimestre o día 3 de maio no auditorio do centro.

(Xose Luis Miguélez, Conxunto Gaita, Conxunto Acordeón)

Debido á crise sanitaria organízanse tres audicións virtuais onde cada estudantes de grao profesional envía un vídeo que aloxamos nunha carpeta online para



que todos teñan acceso á visualización das gravacións dos compañeiros. En todas as audicións inclúense agrupacións de conxunto.

Colaboración co departamento de dinamización da lingua galega nas distintas actividades organizadas no curso 2020-21.

Os estudantes de acordeón organizaron dúas audicións de conxunto ao longo do curso.

(Milagros Gómez, Coro I)

Neste curso, e debido ás restricións pola Covid19 non realizamos ningún concerto nin saída co Coro I. Esperamos ansiosamente que a situación mellore e no próximo curso poidamos facer todas as actividades que facíamos habitualmente.

(Oscar Rodríguez, Música de Cámara e Orquesta de formación particular por COVID)

No departamento realizáronse un total de tres (3) audicións dentro do plan de audicións do curso, un por trimestre. En xeral os alumnos/as desta especialidade participaron en as audicións propostas polo conservatorio, agás as do segundo trimestre que se suspenderon polo mencionado COVID, sendo substituídas por gravacións de vídeo individuais para a súa posterior edición.

(Vanesa Nunes, Conxunto Clarinete e Música de Cámara)

Actividades complementarias: Audicións no 1º trimestre (2 e 11 decembro 2020) e no 3º trimestre (4 maio 2021). Ensaio no Auditorio Ensemble de todos Conxuntos con percusión e clarinete solista.

Actividade extraescolar: *Concerto de Pascua* na Igrexa S. Antonio da Florida (26 abril 2021).



6.4 Departamento de Corda

6.4.1 Datos do alumnado

-Alumnado total do departamento

143 alumnos

-Alumnado por materia

Violín Leonardo: 15

Violín José Manuel: 16

Violín Marcos: 14

Violín Mykolas: 18

Violín Edita: 18

Viola: 15

Violoncello Fernando: 17

Violoncello Isabel: 12

Violoncello Susana: 5

Contrabajo: 13

6.4.2 Obxectivos do profesorado para o curso

-Obxectivos acadados

Fernando Arenas

Todos los objetivos contemplados en la programación, si bien es cierto, y debido a las condiciones excepcionales de este curso provocadas por la situación sanitaria y por los dos meses de clases telemáticas, la exigencia de los objetivos fué un poco mas flexible que en condiciones normales.

Isabel Figueroa



En xeral, os reflectidos na programación, pero tendo en conta a idiosincrasia deste curso. A pesar da situación de incerteza, dos posibles confinamentos de parte do alumnado e doutras situacións derivadas da pandemia, tanto o alumnado coma mín tentamos levar o curso do mellor xeito posible, asumindo que era un curso excepcional e que, como tal, había que adaptarse ás circunstancias.

Na situación do actual curso académico, no que as clases foron en xeral un pouco máis curtas por mor da desinfección e ventilación das aulas, o rendemento académico veuse afectado, xa que non sempre deu tempo de realizar todo o repertorio proposto dende o inicio co curso. Por outra banda, unha vez que soaba o timbre (que daba comezo ao tempo de ventilación) xa era máis difícil manter a concentración por ambas partes e o son procedente doutras aulas tamén fixo máis complicado aproveitar ese últimos minutos da clase.

O ensino virtual ó que houbo que recurrir no período de varias semanas durante o 2º e 3º trimestre, a través de videoconferencia no mellor dos casos, tamén supuxo un reto para o normal desenvolvemente das clases, xa que por diferentes motivos (irregularidade do sinal wifi, ou baixa calidade do mesmo, ou do dispositivo empregado), non sempre foi posible manter o ritmo normal das clases, derivando en cansazo por esta desta modalidade de ensino “a distancia”, que pasou factura tanto ao alumnado como a mín mesma.

Susana Blanco

Todos os obxetivos acadados

Oscar Rodríguez

Os expostos na programación.

Os alumnos de G.E e G.P tiveron un bo seguimento durante o curso en canto ao traballo realizado e un axeitado rendemento (independentemente da nova dirección que o curso tomou no segundo trimestre debido á pandemia por COVID, confinamiento desde o mércores 27 de xaneiro do 2021 ata o 12 de marzo do 2021) completando en su totalidade o 100% da programación establecida salvo dous



casos.

Belén Ferreiro

Todos

Leonardo Blanco

En xeral, os obxectivos co meu alumnado cumpríronse de maneira bastante satisfactoria. Fixéronse dúas audicións, no mes de decembro e no mes de maio, e utilizouse a aula virtual do centro, especialmente no período de ensino telemático, entre os meses de xaneiro e marzo. Ademais, utilizáronse as diversas plataformas virtuais dispoñibles, tal e como se dispuxo nos documentos de revisión das programacións no contexto do covid publicadas a comezos do presente curso académico. Mantívose sempre un contacto estreito coas familias a nivel tutorial.

José Manuel Fernández

Considero que os obxectivos dá materia acadáronse con boa calidade grazas que na clase de violín desde o inicio de curso, e baseado na experiencia do curso pasado, foi unha opción continua o uso de gravacións para compensar o tempo clase que foi necesario para a ventilación da aula.

Esta dobre vía de traballo de maneira regular, e o alto grao de compromiso, actitude, estudo e asistencia por parte da maioría dos alumnos e alumnas fixo posible os bos resultados.

Estas gravacións solicitadas eran fundamentalmente do traballo técnico e en ocasións mesmo de fragmentos das obras.

Marcos Escobar

Os do curso

Edita Shulman

14 alumnos con notas positivas



I trimestre Obxectivos acadados según Programación Didáctica

II Trimestre Obxectivos acadados según Programación Didáctica

III Trimestre Obxectivos acadados según Programación Didáctica

Mykolas Pocius

-Obxectivos non acadados

Fernando Arenas

Ainoa Evelina Perujo, alumna de 1º GE, no ha conseguido lograr cumplir los objetivos mínimos y repetirá curso.

Isabel Figueroa

En xeral, os que eu me tiña proposto en relación ao repertorio. Aínda que en xeral o alumnado respondeu ben, foi un curso con moitas limitacións. Chegamos ao 3º trimestre bastante xustos en canto ao tempo dispoñible, e tiven que facer axustes con respecto ao que tiña planificado.

En concreto, no caso de 1º GE, resultou moi difícil explicar algúns conceptos relacionados coa posición corporal e do instrumento ou do arco, xa que o máis natural é axudar estando situado máis cerca do alumno, e así poder corrixir a traxectoria do arco, por exemplo. Tendo que manter a distancia mínima de 1'5 m, e durante o tempo de ensino virtual, estes conceptos hai que explicalos (e intentar que os entendan) a través de explicacións orais exclusivamente, e resulta máis complicado, polo menos para mín.

Algo parecido ocorreu en 1º GP, no que o alumno, aínda que dotado para a música, entrou no conservatorio con moitas carencias teóricas e prácticas, carencias que na proba de acceso non foron tan evidentes como no día a día, e que fixeron que tivese unha adaptación no centro bastante complicada.

Por outra banda, tamén se fixo o curso curto (para o que tiña planificado traballar) nos cursos finais de cada grao, 4º e 6º, e o tempo no que estivemos en ensino



virtual non axudou a traballar determinadas cuestións como a afinación, o sonido, o traballo con piano ou con outro cello...

En xeral, foi un ano irregular aínda que, tanto por parte do alumnado como de mín mesma tentamos adaptar o traballo e os contidos á situación.

Susana Blanco

Non se comtemplan

Oscar Rodríguez

Só dous alumnos de GE non completaron os obxectivos.

Un de 2GE e outro de 4GE.

Belén Ferreiro

Ningún

Leonardo Blanco

Non se puideron levar a cabo audicións con público, un obxectivo fundamental para os alumnos para adquirir un mínimo nivel de seguridade e confianza en si mesmos, tal e como está recollido na programación.

José Manuel Fernández Marcos Escobar

Marcos Escobar

Edita Shulman

2 alumnas sin Obxectivos acadados por abandono de asistencia durante todo o curso

2 alumnos con nota negativa en Tercer trimestre por nivel baixo

Mykolas Pocius

Con duas alumnas, de 2º GE y 4º GE de violín, non se acadaron os obxetivos de mínimo número de pezas por trimestre debido a falta do traballo na casa.



6.4.3 Aspectos positivos a destacar no funcionamento xeral do centro

Fernando Arenas

En general la organización del centro y los protocolos COVID han funcionado perfectamente.

Es de destacar la implantación del aula virtual para el funcionamiento de la docencia durante las clases telemáticas, aunque en mi caso concreto no la utilicé, si pude constatar su utilización por parte de muchos profesores.

Isabel Figueroa

A resiliencia de toda a comunidade educativa e a adaptación case inmediata ás diferentes situacións nas que nos vimos ao longo do curso.

A boa disposición, tanto do alumnado como do equipo directivo e resto de profesorado para levar a situación o mellor posible.

A eficacia nas comunicacións dentro do centro e dende o equipo directivo cara ao profesorado. Unha mención especial ao equipo COVID do centro.

A eficacia na posta en marcha da aula virtual e as actividades de formación.

Susana Blanco

As dinámicas referidas á COVID funcionaron perfectamente.

Oscar Rodríguez

Boa planificación do curso académico por parte do equipo directivo e moi boa información neste período de confinamento debido ao COVID e do persoal de limpeza, conserxería, etc.

A organización e sistema de portas abertas realizadas este curso así como outras medidas por exemplo, o acceso ao centro de persoas alleas ao mesmo imperando unha tranquilidade no traballo, o sistema de préstamo de instrumento realizado este curso, así como a medida de flexibilidade de números de ensaios con piano entre outros puntos expostos en dicha medida, considero que é algo



positivo que se debe manter de fronte ao futuro para a comodidade e bo funcionamento das actividades do centro.

Belén Ferreiro

A planificación e organización das distintas actividades, tanto lectivas coma non lectivas.

Leonardo Blanco

A planificación e o traballo coa pianista acompañante dos meus alumnos, así como o bo facer do persoal de administración e servizos do centro.

José Manuel Fernández Marcos Escobar

A organización interna e o protocolo covid foi moi eficiente

Marcos Escobar

O bo funcionamento xeral do centro pese á situación tan complexa de pandemia que estamos a vivir. Boa organización e previsión das actividades.

Edita Shulman

Mykolas Pocius

6.4.4 Propostas de mellora no funcionamento xeral do centro

Fernando Arenas

Atendiendo a las peticiones del departamento, habría que estudiar la incorporación de un segundo profesor de viola, así como la implicación de mas profesores de cuerda en el departamento de música de cámara.

Isabel Figueroa

Hai varias cadeiras cortadas a diferentes alturas para o alumnado de diferentes idades, pero creo que resultaría máis operativo ter unha banquetta regulable en altura (aparte da que hai de piano) e etiquetada (para que se saiba que son de violoncello).



Agradecería que a afinación do piano da A1 fose máis frecuente, porque durante este curso, e sobre todo nos últimos meses, algúns acordes sonan terriblemente desafinados.

Como en anos anteriores, solicito revisar o procedemento de empréstimo dos instrumentos para poder emprestar os cellos pequenos do centro, nas situacións que así o requiran (cambio de tamaño de instrumento, reparación do instrumento propio, encerdado do arco propio...), debidamente xustificadas e durante o tempo mínimo necesario, ademáis tamén para manter en servizo eses instrumentos e para evitar que fiquen xordos (máis do que xa están agora).

Me gustaría tamén ter acceso a máis actividades de formación en relación ás novas tecnoloxías e aula virtual.

En resumo, cuestións relativas ao material e as instalacións. Polo demáis, non teño queixa, se non todo o contrario. Coñecendo ben as problemáticas que se poden vivir nun centro educativo como o noso, e coa toda a problemática e incerteza derivada da pandemia, non podo máis que agradecer o traballo e boa disposición do profesorado e demáis persoal do centro en xeral e do equipo directivo en particular.

Susana Blanco

Sería bo se potenciáran as reunións telemáticas.

Oscar Rodríguez

Se a situación actual mellora para o curso que vén e hai posibilidades.

1-) Propoño manter esa idea de portas abertas que se realizaron este curso onde os aspirantes sentan a escoitar as explicacións ou minis actuacións ofrecidas no centro sen interromper clases e trasladar esta idea ao auditorio, así como facer uso no posible para o seu efecto as clases de cámara, colectivas ou individuais, onde poidan ver os aspirantes os instrumentos que pretenden estudar executados non só polos profesores se non tamén por alumnos ou grupos de



alumnos e se é posible, que tamén os seus pais poidan asistir (se se dan estas condicións) á devandita actividade.

Considero que é o grao elemental e o grao de maior importancia nos estudos musicais xa que é a base de todo o que virá posteriormente por iso expoño esta proposta.

2-) Propoño que as audicións de grao elemental póidanse facer nas mesmas semanas de profesional e cos mesmos requisitos destes, independentemente que o profesor reserve unha hora concreta para este fin, xa que é difícil de organizar sen afectar algunhas clases grupais. creo que como norma debería de ser a semana de audición do conservatorio xustamente iso, unha semana de audición onde poidan participar todos os cursos e coas mesma condicións, hai momentos que sinto que elemental esta un pouco discriminado nese punto en concreto.

3-) Propoño se as condicións permítieno y dado o bo resultado pedagóxico que tivo as clases de colectiva- orquestra de corda co alumnos de GE no curso 2019-20 e suspendidas pola pandemia. Seguir co esta boa idea pra garantir o desenvolvemento do alumnado de corda de grao elemental e ter un bo resultado desta materia en grao profesional, xa que algúns comezan dita materia sen participar nunca en ningún tipo de formación como esta.

4-) Debido ao uso constante do material da clase (instrumentos, arcos, etc) , necesítase a reparacións de un arco modelo frances 3/4 o a compra de un no caso de non ter arranxo, pra o uso na clase, unha resina marca NYMAN para contrabaixo (polo constante uso e desgaste durante o curso deste material en particular).

Belén Ferreiro

Gustaríame que se revisasen as condicións no préstamo de instrumentos. Actualmente o alumnado debe contratar un seguro, e ademais depositar unha



fianza de 50€ que non é reembolsable. Considero que aquelas persoas que devolvan os instrumentos en boas condicións, e que polo tanto non precisen ningún tipo de reparación, deberían poder recuperar dita fianza. Naqueles casos en que o prezo da posta a punto non chegue a esa cantidade, deberían recuperar a diferenza.

Por outro lado, considero que sería interesante revisar o protocolo da escolla de horarios. O feito de que se faga en función da nota crea un ambiente de competitividade entre o alumnado pouco recomendábel, ademais da presión á que se ven sometidas/os ás veces dende casa para acadar boas notas, ao seren garantía de máis facilidades á hora de organizarse. Cómpre subliñar tamén que non sempre as mellores cualificacións se corresponden co máximo esforzo, e isto supón que aquel alumnado con máis dificultades de aprendizaxe sexa, dalgún xeito, penalizado.

Leonardo Blanco

A actividade artística do centro é mellorable. Pese a estar nunha situación excepcional, outros centros da nosa Comunidade Autónoma organizan audicións en streaming, concertos fora do centro, actos de graduación, incluso ciclos de concertos no propio centro, coas debidas medidas de prevención en canto a control de aforos, distancia e máscara. Polo tanto, a pandemia non debe de supor un obstáculo neste senso. Asimesmo, tamén sería desexable unha maior oferta de cursos de formación.

José Manuel Fernández

É imprescindible que haxa dous profesores de viola no centro. É practicamente imposible cun só un profesor o chegar a ter dúas orquestras equilibradas. Cada curso faise necesario ter que poñer a violíns e violoncelos, instrumentos con rexistros moi diferentes, para reforzar as violas, o cal non permite desenvolver a materia en boas condicións e moito menos aspirar a ter unha mellor orquestra. Creo que é urxente resolver este aspecto.



Marcos Escobar

Edita Shulman

Ter máis marxen para horarios das audicións oficiais

Mykolas Pocius

6.4.5 Actividades extraordinarias e complementarias do Departamento

Fernando Arenas

Las audiciones correspondientes al tercer trimestre.

Isabel Figueroa

Audicións no 1º e no 3º trimestre, ademáis de gravacións con parte do repertorio traballado durante o curso.

Participación no Concerto de Nadal por parte das alumnas Irene Gallardo e Alcira Borges. Foi unha mágoa non ter podido organizar audicións públicas (con público presente na sala). Esperemos que en breve podamos volver a ese formato, que resulta moito máis motivador para todos.

Susana Blanco

Oscar Rodríguez

No departamento e particularmente na especialidade do contrabaixo realizáronse un total de tres (3) audicións, dentro do plan de audicións do curso 2019-20, un por trimestre. Primeiro trimestre (na aula), no segundo trimestre virtual con gravacións de vídeo enviadas polos estudantes debido a a suspensión das clases pola referida pandemia , no terceiro trimestre un de GE 29-04-2021 e outro 11-04-2021.

Belén Ferreiro

Durante este curso realizáronse 3 audicións no auditorio, os días 22 de decembro, 22 de marzo e 31 de maio.



Leonardo Blanco

José Manuel Fernández Marcos Escobar

Marcos Escobar

Realización de audicións de aula na C9 os días 5 de Maio e 26 de maio, de 6 a 9 da noite, respetando os protocolos de ventilación e separación individual na aula. Audicións de escalas na aula.

Edita Shulman

I Trimestre 1.12. 2020 Audición GP,

2.12. 2020 Audición GE.

II Trimestre sen Audicións debido a interrupción das clases presenciais por causa do Covid-19

III Trimestre 20.05.2021 Audición en Aula C9 GE

25.05.2021 Audición en Aula C18 GP

Participación de 16 alumnados..

Mykolas Pocius



6.5 Departamento de Corda Pulsada

1.1.1 Datos do alumnado

-Alumnado total do departamento

42 alumnos

-Alumnado por materia

Guitarra: 42

Conxunto: 11

RTA: 4

1.1.2 Obxectivos do profesorado para o curso

O obxectivo principal do departamento para o curso é , como cada ano, ofertar un ensino de calidade ós nosos alumnos a través do seguimento da programación e das distintas accións levadas a cabo na aula. Ademais dos aspectos máis técnicos que conduzan aos alumnos a desenvolver as destrezas necesarias para tocar un instrumento, queremos que aprendan tamén a importancia da constancia no seu traballo e adquiran hábitos de estudo diario como base imprescindible para a súa evolución no instrumento, así como reforzar a práctica de tocar en público facendo que se afronten a esta situación o maior número de veces posible durante o curso. Esta práctica verase especialmente reforzada nos últimos cursos de grao profesional.

-Obxectivos acadados

Tendo en conta o carácter xeral dos obxectivos que se trazan para os graos elemental e medio consideramos que estes se lograron dunha maneira aceptable, sobre todo considerando a situación extraordinaria derivada do COVID-19 que nos obrigou a realizar a docencia de maneira telemática durante varias semanas no segundo trimestre. Case todos os alumnos seguiron semanalmente



as clases e fixeron un bo traballo dentro das limitacións que este tipo de ensino nos permite.

-Obxectivos non acadados

Este ano non se puideron organizar as audicións de aula debido ás limitacións de número de alumnos por aula que non o permitía.

1.1.3 Aspectos positivos a destacar no funcionamento xeral do centro

A organización do centro en xeral: Calendarios de principio e fin de curso, audicións , actividades...etc.

1.1.4 Propostas de mellora no funcionamento xeral do centro

É de recoñecemento público que unha cousa positiva que nos deixa a pandemia é a aceleración da posta en marcha do teletraballo, algo que pasaría máis cedo que tarde por os cambios sociais pero que nos vimos obrigados a acelerar a causa do confinamento. No caso do conservatorio pensamos que a teledocencia non é unha boa ferramenta para a aprendizaxe dun instrumento mais por contra atopamos que as reunións telemáticas de departamento, CCP, Consello Escolar e Claustro son unha mellor opción que as presenciais xa que evitarían o desprazamento ó centro de moitos profesores só para tratar cuestións que se poden solventar perfectamente on line.

Por outra banda, vimos observando nos últimos anos unha crecente obsesión dos alumnos e das súas familias por as notas. Hai unha tremenda neurose con este tema, que ven derivada en gran medida do ensino obrigatorio, e que no caso do noso centro se ve acrecentada por o sistema de elección de horarios. Bastantes alumnos nos teñen comentado que queren sacar boas notas para poder elixir un mellor horario no curso seguinte e incluso intentan exercer unha certa presión neste sentido, a cuestión académica queda ás veces nun segundo plano. Pensamos que unha medida coma esta que foi implementada fai xa varios



anos podería ser revisada para buscar unha alternativa. Nós propomos que a elección se faga cada ano por o resultado do sorteo da letra administrativa.

1.1.5 Actividades extraordinarias e complementarias do Departamento

Neste curso realizamos 2 audicións de alumnos, unha de GP no primeiro e no terceiro trimestres dentro das semanas de audicións que trimestralmente se organizan no centro e unha de GE no terceiro trimestre. No segundo trimestre non se puideron realizar por estar facendo a docencia con clases non presenciais.

Os alumnos participaron tamén en algúns dos concertos que organizou o equipo de actividades.



6.6 Departamento de Linguaxe Musical

6.6.1 Datos do alumnado

-Alumnado total do departamento

O alumnado deste departamento distribúese do seguinte xeito incluíndo as ampliacións de matrícula: 326 alumnos de Linguaxe Musical (55 alumnos de 1ºGE, 57 alumnos de 2ºGE, 62 alumnos de 3ºGE, 51 alumnos de 4ºGE, 54 alumnos de 1ºGP e 47 alumnos de 2ºGP), 224 alumnos de Educación Vocal e Auditiva (54 alumnos de 1ºGE, 57 alumnos de 2ºGE, 62 alumnos de 3ºGE e 51 alumnos de 4ºGE), 25 alumnos de RTA, 12 alumnos de Piano Complementario, 10 alumnos de It.Pedagogía e 6 alumnos da Optativa Música Moderna.

-Alumnado por materia

Linguaxe Musical

Begoña Coello Mó:

Alumnado matriculado no 2º curso grado elemental: 28 (26 aprobados)

Alumnado matriculado no 3º curso grado elemental: 33 (30 aprobados)

Total alumnado de linguaxe: 61.

Alumnado promocionado de 2º curso a 3º: 1

Alumnado que chegou con promoción no 2º trimestre: 2 no 2º curso.

Alumnado que ocasionou baixa: 3º curso : 1

Alumnado que chegou no 2º trimestre por cambio de horario: 1 no 3º curso.

Lúa García Mencía:

1º GE: 16 alumnos (15 aprobados, 1 ampliación de matrícula a 2º GE).

2º GE: 9 alumnos (5 aprobados, 1 PAC, 3 suspensos).

3º GE: 18 alumnos (14 aprobados, 2 PAC, 1 suspenso).



4º GE: 9 alumnos (8 aprobados, 1 suspenso).

1º GP: 11 alumnos (10 aprobados, 1 renuncia de matrícula).

Isabel Gómez Alonso:

1ºGE: 13 alumnos (13 aprobados)

2ºGE: 20 alumnos (18 aprobados, 1 suspensos, 1 suspenso de PAC)

Milagros Gómez Fandiño:

1ºGE: 17 alumnos/as (14 aprobados, 3 suspensos de PAC).

1ºGP: 11 alumnos/as (10 aprobados, 1 aprobado de PAC). 1 proposta a Matrícula Honra.

Cecilia Martínez Iglesias:

3º GE (D): 11 alumnas/os cun 100% de aprobadas/os. 11 aprobados; 0 suspensos.

4º GE (F): 9 alumnas/os cun 100% de aprobadas/os. 11 aprobados; 0 suspensos. O grupo comezou con 10 alumnos/as pero na 2ª avaliación houbo unha renuncia de matrícula, se ben cabe dicir que o rapaz que renunciou, no momento de dita renuncia, na materia de Linguaxe Musical e EAV estaba aprobado na 1ª e 2ª avaliación.

1º GP (E): 10 alumnas/os cun 70% de alumnado aprobado e un 30% de suspensos. 7 alumnos/as aprobados e 3 suspensos. Dos 3 suspensos, dous deles deixaron de vir a clase dende o mes de Novembro e tampouco se presentaron ao exame de PAC.

2º GP (D): 12 alumnas/os cun 100% de aprobadas/os, e 3 propostas para matrícula de honra.

2º GP (E): 11 alumnas/os cun 100% de aprobadas/os, e 2 propostas para matrícula de honra.

Gloria Rodríguez Gil:



29 alumnos e alumnas de 4ºLM

De 29 alumnos/as en 4º de Linguaxe Musical todos/as superaron as materias, 7 deles/as obtiveron a nota 10.

Elvira Rodríguez Pontevedra:

1º GP: 11 (2 persoas abandoaron a materia)

2º GP: 35 (2 persoas abandoaron a materia)

Diego Rodríguez Vieites:

1ºGE: 9 alumnos/as. Todos aprobados.

4ºGE: 4 alumnos/as incluída unha PAC. Todos suspensos.

1ºGP: 11 alumnos/as. 10 aprobados e 1 suspenso.

Educación Auditiva e Vocal:

Begoña Coello Mó:

Alumnado matriculado no 2º curso grado elemental: 28 (28 aprobados)

Alumnado matriculado no 3º curso grado elemental: 33 (32 aprobados)

Lúa García Mencía:

1º GE: 16 alumnos (15 aprobados, 1 ampliación de matrícula a 2º GE).

2º GE: 9 alumnos (5 aprobados, 1 PAC, 3 suspensos).

3º GE: 18 alumnos (14 aprobados, 2 PAC, 1 suspenso).

4º GE: 9 alumnos (8 aprobados, 1 suspenso).

Isabel Gómez Alonso:

1ºGE: 13 alumnos (13 aprobados)

2ºGE: 20 alumnos (17 aprobados, 2 suspensos, 1 suspenso de PAC)

Milagros Gómez Fandiño:



1ºGE: 16 alumnos/as (13 aprobados, 3 suspensos de PAC que non se presentaron).

Cecilia Martínez Iglesias:

3º GE (D): 11 alumnas/os cun 100% de aprobadas/os. 11 aprobados; 0 suspensos.

4º GE (F): 9 alumnas/os cun 100% de aprobadas/os. 11 aprobados; 0 suspensos. O grupo comezou con 10 alumnos/as pero na 2ª avaliación houbo unha renuncia de matrícula, se ben cabe dicir que o rapaz que renunciou, no momento de dita renuncia, na materia de Linguaxe Musical e EAV estaba aprobado na 1ª e 2ª avaliación.

Gloria Rodríguez Gil:

29 alumnos e alumnas de 4ºEAV.

De 29 alumnos/as en 4º de Linguaxe Musical todos/as superaron a materia.

Diego Rodríguez Vieites:

1ºGE: 9 alumnos/as. Todos aprobados.

4ºGE: 4 alumnos/as incluída unha PAC. Todos suspensos.

RTA:

Isabel Gómez Alonso:

4ºGP: 4 alumnos (2 aprobados, 1 suspenso, 1 suspenso de PAC)

5ºGP: 4 alumnos (todos aprobados)

Gloria Rodríguez Gil:

11 alumnos e alumnas de RTA: 6 de 4º; 3 de 5º e 2 de 6º

Un alumno de 4ºRTA ampliou a 5ºRTA, polo tanto 5 de 4º; 4 de 5º e 2 de 6º.

De 11 alumnos/as en RTA (4º, 5º e 6º Grao Profesional) todos/as superaron a materia, 6 deles/as foron propostos para matrícula de honra.



Elvira Rodríguez Pontevedra:

6 alumnos

Piano Complementario:

Cecilia Martínez Iglesias:

12 alumnas/os cun 100% de aprobados. 12 aprobados e 0 suspensos.

Itinerario Pedagoxía:

Elvira Rodríguez Pontevedra:

10 alumnos

Optativa Música Moderna:

Elvira Rodríguez Pontevedra:

6 alumnos

6.6.2 Obxectivos do profesorado para o curso

-Obxectivos acadados

Begoña Coello Mo:

Practicamente poderíamos decir que todos na lectura e entoación.

Lúa García Mencía:

Nos grupos de 1º de GE acadáronse todos os obxectivos.

En 2º de GE acadáronse todos os obxectivos agás certos contidos que non foron traballados polo feito de que, ao facer un 1º de GE confinados, foi preciso retomar contidos de primeiro durante practicamente todo o primeiro trimestre.

En 3º de GE foron acadados todos os obxectivos.

En 4º de GE foron acadados todos os obxectivos.

En 1º de GP acadáronse todos os obxectivos agás os especificados no seguinte



apartado.

Isabel Gómez Alonso:

En liñas xerais todos os cursos, agás 1º de Grao Elemental, deberon recuperar aprendizaxes non adquiridos no curso anterior por mor da da pandemia, adaptándose programacións e materiais para recuperar ao longo do 1º trimestre os contidos pendentes.

Tendo en conta esta situación excepcional, acadáronse en liñas xerais os mínimos esixibles recollidos nas adaptacións das programacións didácticas ao contexto Covid-19.

Milagros Gómez Fandiño:

En Linguaxe Musical acadamos os obxectivos da programación. O único contido que non estudiamos foi o compás de 4/4.

En Educación Auditiva e Vocal de 1ºGE conseguimos acadar os obxectivos da programación.

En Linguaxe Musical do Grao Profesional non se conseguiron dar todos os contidos nin interiorizalos o suficiente debido á semipresencialidade. Aínda que se colgaban materiais e tarefas na Aula Virtual, na clase presencial había que aclarar moitas dúbidas sobre esa materia. Por tanto, o tempo de clase reducíuse considerablemente respecto a un curso normal (onde xa de por sí 2 horas semanais son escasas para tantos contidos). Esperemos poder retomar o próximo curso onde o deixamos.

Cecilia Martínez Iglesias:

Nas materias de LM e EAV no grao elemental, acadáronse os obxectivos propostos e déronse os contidos previstos a pesares de ter que facer un segundo trimestre telemático. Se ben é verdade, que os contidos quedaron menos interiorizados debido a situación de pandemia xa que:

Houbo dificultades para traballar a entoación debido á latencia do sistema Webex



e a lentitude de correxir un a un os traballos do alumnado de xeito telemático no segundo trimestre.

Algúns días houbo problemas coa conexión, durante algunhas clases e ao rematar, fixen vídeos co explicado e subínnos á aula virtual para que o alumnado non perdese contidos, pero tratándose de alumnado tan novo, non é o mesmo que explicalos en directo.

Durante o curso, as clases en xeral foron máis curtas polos momentos dedicados a limpeza de aulas que indicaba o protocolo COVID.

Na materia de LM no grao profesional non se puideron explicar todos os contidos previstos debido a semipresencialidade, pois isto reduciu moito o tempo de clase presencial, e índa que na aula virtual colgábanse vídeos explicativos e actividades de audición, teoría... para o alumnado, despois na clase presencial sempre había que facer aclaracións sobre estes contidos, materiais... Por dito motivo, aconsello que para o alumnado que cursou 1ºGP, en segundo curso se empece repasando o libro de primeiro, índa que tamén se lles deixou material de apoio para o verán. No 2º curso de GP, ante a imposibilidade de dar toda a materia pola semipresencialidade das clases, escollín os contidos máis importantes da programación, e os que o alumnado debe ter máis claros e mellor interiorizados para que non teñan lagoas cando comecen coa materia de harmonía no curso que ven.

Na materia de Piano Complementario, a primeira e terceira avaliación desenvolvéronse con normalidade, pero a segunda avaliación, ao ter que ser telemática, dificultou moito o aprendizaxe ao alumnado con máis dificultade para coordinar as mans e entender os contidos, ademáis de que o sistema Webex non recollía ben o son e tiña moita latencia. Nalgunhas clases tomei a decisión de non facelas en directo e optar por enviar vídeos coas explicacións pertinentes para cada alumno/a nos días que as conexións eran malas.

Gloria Rodríguez Gil:



Todos os recollidos nas diferentes programacións, salvo os mencionados no apartado seguinte.

Elvira Rodríguez Pontevedra:

Todo o alumnado que resultou apto na 3ª avaliación, acadou os obxectivos (contidos mínimos) propostos na programación. Nalgúns casos con reparos como comentarei mais abaixo no apartado de propostas de mellora.

Diego Rodríguez Vieites:

Os obxectivos teóricos abordáronse ó completo nos tres cursos impartidos ó traballar os contidos presentes nos libros de texto máis outros aportados polo docente. Os obxectivos auditivos tamén se traballaron amplamente durante a fase presencial e a non presencial respectivamente tamén con materiais presentes nos libros de texto xunto con outros creados polo docente. No tocante ós obxectivos rítmicos e de entoación, abarcáronse case ó completo tanto na fase presencial como na virtual; así, os libros de texto das partes rítmica e de entoación traballáronse en profundidade abarcando grande parte dos contidos establecidos na programación didáctica de cada unha das asignaturas e curso impartidos.

Deste xeito, grande parte do alumnado acadou os obxectivos marcados a comezo de curso. En cambio, o alumnado que non amosou interese por aprender na clase e/ou non desenvolveu o suficiente traballo na casa tan só acadou parte dos obxectivos.

-Obxectivos non acadados

Begoña Coello Mo:

Nos temas teóricos, un pouco por encima algunhas cuestións, así como no ditado de 3º curso non acadamos as rítmicas no 6/8 suficientes para o curso.

Paréceme que o libro de texto que estamos a empregar é moi denso e complexo xa que quer abarcar na lectura moitas rítmicas e non traballa as de verdade importantes coa insistencia necesaria para que queden asentadas. A clave de fa,



tamén está complicada, xa que os ritmos van a par da clave de sol.

É moi difícil ver a continuidade da materia por unidades, xa que sempre está a traballar materia anterior mezclada con outras novas sen practicar anteriormente e que aparecen mezcladas unhas moi difíciles que pasan desapercibidas con outras moi fáciles, simplemente por que cambia de tonalidade.

Ten cousas boas, por suposto, por exemplo ten moitos exercicios tanto de letura como de entoación, que son ademáis moi bonitas, e podes elixir cales si ou non, aínda que dalgunhas tonalidades hai moi poucas leccións.

O anexo paréceme que é do curso seguinte, porque incluso aparecen dificultades que antes non están, e polo tanto non se traballaron, e incluso algunhas non son moi frecuentes nas partituras neste nivel. Cando se comeza o curso non se pode facer toda esta parte do libro, pois si se fai, non da tempo a facer o propio do curso.

Bueno é a miña opinión, por suposto.

Lúa García Mencía:

2º de GE: os contidos non traballados serían os seguintes: o dosillo, as equivalencias, a entoación nalgunhas tonalidades e o acorde de subdominante.

En 1º de GP hai contidos que non foron traballados polo feito de poder dar únicamente unha sesión presencial semanal de menos de unha hora. Algúns dos contidos non traballados foron os seguintes: a ornamentación, a voz humana, as escalas modernas e a de tons enteiros.

Isabel Gómez Alonso:

Na materia de Repentización, Transporte e Acompañamento non se acadaron todos estes mínimos por diversos motivos:

En 4º curso de Grao Profesional, a ratio ampliouse de un a dous alumnos por hora, cando a programación e a súa adaptación ao contexto Covid realizouse pensando nunha ratio de 1/1. Neste caso non se puideron chegar a traballar os



baixos cifrados que inclúsen acorde de 7ª de dominante.

En 5º curso de Grao Profesional, os alumnos amosaron importantes carencias debido á situación excepcional do curso anterior e non recibir clases telemáticas nin ningún tipo de traballo por parte da súa profesora. Neste caso non se puideron traballar os baixos cifrados que inclúsen a sétima de dominante con inver-
sións.

Milagros Gómez Fandiño:

En 1ºGP non se conseguiu profundizar nos contidos do curso debido á semipresencialidade. No seguinte curso haberá que facer un repaso dos contidos de 1ºGP antes de comezar cos novos de 2ºGP.

Cecilia Martínez Iglesias:

En xeral traballáronse bastante ben en todos os niveis os contidos e obxectivos referidos á lectura rítmica e a teoría, quedando en peor lugar os auditivos e os de entoación tanto en LM como en EAV no grao elemental, e no grao profesional. Faltan nestas dúas destrezas horas de práctica, debido a semipresencialidade nalgúns grupos, ao ensino virtual do segundo trimestre e ao acortamento dos tempos de clase para poder limpar debidamente as aulas.

Índa que se lles enviou ao alumnado tarefas para traballar contidos auditivos e explicacións, ao non poder facelo sempre presencialmente traballouse de xeito menos riguroso. O mesmo ocorreu coa entoación, ao non poder acompañar harmónicamente ao alumnado nos períodos de ensino telemático e ter que entoar soamente a Capella ou con gravacións.

Para todos os grupos, deixase na aula virtual material de apoio e recomendacións para que repasen en verán, especialmente no mes de setembro. Dita recomendación fíxose con moito fincapé para o alumnado de 1ºGP, xa que é o alumnado con máis dificultades, por unha banda, porque a proba de acceso a grao profesional do curso pasado non pedía os requisitos mínimos que debe ter



o alumnado para poder abordar os contidos deste nivel, e por outra banda, porque este alumnado ademais de pasar a proba con carencias nas destrezas de audición, lectura e teoría, debido a semipresencialidade, tivo menos tempo de traballo co profesorado para axudarlle a correxir lagoas. Os materias da aula virtual son un grande complemento ao ensino, pero nunca suplen as horas presenciais de clase co profesorado.

Gloria Rodríguez Gil:

En 4ºLM: ampliación da práctica do compás 2/2; improvisación tanto rítmica como melódica; iniciación á práctica de lectura de claves ou a súa transcripción.

En 4ºRTA: emprego do cifrado americano; afondamento no acorde de séptima de dominante; práctica de secuencias harmónicas.

Elvira Rodríguez Pontevedra:

Continuando co parágrafo anterior, polo contrario, o alumnado que non acadou a cualificación positiva na avaliación non acadou tampouco os obxectivos e/ou os contidos mínimos do curso.

Diego Rodríguez Vieites:

Na parte auditiva aínda que se acadaron os obxectivos marcados a comezo de curso, non deu tempo a profundizar o suficiente nalgúns aspectos e a mellorar o baixo nivel que amosaba algún discente como consecuencia do escaso traballo realizado no final do curso anterior. Ademais, non se puido rematar a parte final dos libros de texto empregados para a parte rítmica e melódica debido á súa extensión e algúns alumnos non acadaron algúns dos obxectivos marcados na programación didáctica das asignaturas e curso impartidos.

6.6.3 Aspectos positivos a destacar no funcionamento xeral do centro

Begoña Coello Mo:

Paréceme que funciona moi ben en canto a organización.



Lúa García Mencía:

Destacaría, en primeiro lugar, a elaboración de todo o calendario de audicións, exames, avaliacións, etc. no inicio do curso, que permite unha mellor organización académica; en segundo lugar, o correcto funcionamento ao longo do curso das medidas COVID; en terceiro lugar, creo que tamén é interesante a idea de facer o seguimento do alumnado de xeito mensual, xa que, ao non haber momentos específicos máis que a avaliación para falar entre titores ou cos titores, agracédese poder ver a evolución do alumnado nas outras materias; por último, destacar o bo funcionamento do equipo que atende e soluciona as dúbidas relativas á informática.

Isabel Gómez Alonso:

A organización e planificación por parte do equipo directivo, que un curso mais entregou a organización xeral do curso no primeiro claustro.

O bó ambiente de traballo no departamento, que se reuniu en mais de 20 ocasións para revisar e adaptar as programacións de linguaxe musical de tódolos cursos á nova bibliografía. Tamén salienta que existe un clima de intercambio de ideas, plantexamentos metodolóxicos e materiais que favorece o diálogo e a renovación.

Milagros Gómez Fandiño:

Excelente organización e planificación por parte da dirección, con dispoñibilidade para resolver calquera asunto ou dúbida. Destacar este aspecto neste curso tan complicado, no que houbo un perfecto funcionamento do centro a pesar das restricións e protocolos pola Covid19.

No período de clases telemáticas do segundo trimestre, houbo unha gran implicación por parte do equipo directivo para que todo o profesorado puidese facer o seu traballo do mellor xeito posible. É de agradecer enormemente tamén o respaldo ante inspección para poder facer as clases dende os nosos domicilios e protexer, así, a nosa saúde.



Cecilia Martínez Iglesias:

Neste curso tan complicado cabe destacar e é de agradecer o traballo organizativo do centro por parte do equipo directivo ante os constantes cambios xurdidos pola situación xerada pola pandemia, facendo fronte as problemáticas, encargándose dos procesos burocráticos, informándose con rapidez das dúbidas que ían xurdindo entre o profesorado, e sobre todo velando pola saúde de todas as persoas que conformamos o centro dende o comezo do curso. Por todo o seu traballo e o estrés que levan pasado dende marzo do curso pasado, só teño palabras de agradecemento.

Tamén cabe reseñar a mellora no funcionamento do departamento de linguaxe musical, traballando xuntas/os para distribuir as aulas da mellor forma posible, e elaborando con consenso os mínimos esixibles e os cambios feitos na programación, compartindo materiais entre nós, preocupacións pola aprendizaxe do alumnado, etc.

Quero agradecer a labor do equipo TIC, respostando a todas as nosas dúbidas sobre a aula virtual, e axudándonos con rapidez nos problemas xurdidos. A Jesús Pardal, xefe de departamento de Piano, por todo o material que compartiu conmigo para impartir a materia de piano complementario.

E por último facer mención ao persoal non docente, que neste centro sempre é moi atento, axudándonos en todo o que poden, e facendo a nosa actividade moito máis fácil. Agradezo inmensamente a labor do persoal administrativo, da e dos conserxes e do persoal de limpeza.

Gloria Rodríguez Gil:

Estou moi contenta cos horarios do curso 2020/21 e gustaríame poder mantelos o curso que ven.

Elvira Rodríguez Pontevedra:

Cito os aspectos mais destacados:



Organización de horarios.

Boa xestión dos problemas derivados da pandemia.

Atención persoalizada a cada profesor/profesora e á súa situación persoal.

Flexibilidade e sensibilidade fronte á problemática dos departamentos complexos (como é o caso do departamento de Linguaxe Musical).

Xestión impecable por parte da Xefatura de Estudos.

Vontade de coordinación e cooperación entre os membros do departamento (LM)

Aporte, mais que considerable, por parte de cada membro do departamento para os traballos comúns incluso nalgúns casos sobrepasando as súas obrigas.

Tamén quero destacar a laboura dalgúns membros do claustro nas súas funcións como titores/titoras (refírome a este curso en concreto, claro está, e con respecto ao meu alumnado) pois me parece que merecen unha mención, este profesorado é: Javier Abalde, Olalla Álvarez, Carmen Carreiras, Belén Ferreiro, Felipe González, Luis Juncal, Carolina Martinez, Jesús Pardal, Yolanda Represas, Beatriz Riobó, Antonio Rodríguez e M^a Pilar Simeó.

Diego Rodríguez Vieites:

A organización do centro e das diferentes fases do curso ségueme parecendo moi coidada, feito que mellora en grande medida o funcionamento xeral do conservatorio.

O bo ambiente que se respira polo xeral tamén é un aspecto salientable xa que facilita a docencia e a convivencia no centro.

O papel do equipo directivo no periodo de docencia virtual foi de agradecer xa que facilitou en todo momento o bo funcionamento da docencia a distancia.

O Departamento de Linguaxe Musical ten un bo funcionamento e facer parte del é moi positivo e enriquecedor.



6.6.4 Propostas de mellora no funcionamento xeral do centro

Lúa García Mencía:

Considero que o conservatorio debería poder proporcionar aos docentes os libros que se traballan de xeito obligatorio no centro durante o ano académico. Este fondo de libros de préstamo pode pertencer á biblioteca ou ao departamento.

En segundo lugar, creo que se podería modificar o sistema de elección de horarios no centro, que actualmente se fai tendo en conta as calificacións do alumnado. Deste xeito, os horarios de última hora da tarde téñenos que coller, en moitos casos, alumnos con dificultades de aprendizaxe, diagnosticadas ou non, e o dar clase a altas horas da tarde merma moito a capacidade atencional. Hai alumnos con TDAH recibindo clase ata as 22:00 horas e non é o desexable por cómo funciona, polo menos en certos casos, a medicación que regula o seu trastorno.

Como proposta de mellora para as aulas de Linguaxe Musical creo que poderían ter todas elas altofalantes bluetooth para poder facer audicións de xeito sinxelo, así como unha pequena selección de instrumentos de pequena percusión.

Isabel Gómez Alonso:

Continuar a renovar os pianos das aulas de linguaxe musical por pianos de caixa baixa. Neste presente curso, algunha aulas os incorporaron, facilitando o traballo de repentización ao piano ao mesmo tempo que se pode controlar ao alumnado. Soamente quedan por renovar ou cambiar os pianos das aulas B4 e B6.

Dotar ás tódalas aulas de linguaxe musical de ordenador e alomenos proxector, aínda que non se poña pizarra dixital.

No caso de que no próximo curso se acorde non habilitar as cabinas para o estudo do alumnado, proveitalas como espazo para a docencia de piano complementario e RTA. Isto permitiría que as aulas de linguaxe musical se liberasen e evitar que existan grupos de linguaxe musical de grao elemental máis aló das



20.30h.

Acordar xunto co equipo directivo e as familias unha redución do horario oficial dos grupos de linguaxe musical, para permitir unha correcta e efectiva ventilación das aulas sen ter o alumnado do grupo dentro da aula ou amoreado noutro espazo común do centro.

Limitar o número máximo de alumnos nos grupos de linguaxe musical que se impartan na aula B19 adaptándose á capacidade da aula e protocolos Covid, de forma que se evite a semipresencialidade.

Revisar o sistema de elección de horarios para conformar os grupos de linguaxe musical especialmente no Grao Elemental. Sería interesante favorecer a continuidade co mesmo profesor ao longo de todo o grao, evitar que os alumnos con calificacións máis baixas se xunten nos grupos con peores horarios e permitir reducir a ratio naqueles grupos onde existe alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

Recuperar a ratio 1/1 na materia de RTA de 4º curso de Grao Profesional.

Revisar o sistema de elección de horarios de RTA, de forma que atendendo á maior carga lectiva dos alumnos de último curso, poidan elixir horario en primeiro lugar os alumnos de 6º de GP.

O seguemento do alumnado mensual é moi interesante pero pouco efectivo, xa que o documento final que se elabora é moi extenso. A maioría dos titores/profesores de instrumento non amosan interese pola evolución dos seus alumnos nas materias teórico-prácticas.

Milagros Gómez Fandiño:

Como xa mencionei na memoria do curso pasado, os espazos físicos para as clases de Linguaxe Musical deberían ser máis espaciosos e sería idóneo ter, polo menos, un aula máis para as clases de Linguaxe Musical. É de agradecer o piano de caixa baixa que se mercou para a aula B19, que facilita o contacto



visual co alumnado, así como o magnífico altavoz bluetooth.

Amais, este curso, as ratios por aula foron reducidas, un aspecto positivo que melloraría as nosas ensinanzas se o puidesemos manter no tempo cando desaparezan as restriccións polo Covid19.

Despois do período de confinamento no que o profesorado fixo un esforzo para traballar telemáticamente e mellorou na utilización das ferramentas dixitais, neste inicio de curso implantouse a nosa Aula Virtual e a nosa docencia xa é moito máis “dixital”; colgamos material na Aula Virtual, facemos material novo para traballar na aula, proxectado, reducindo considerablemente o gasto en papel, etc... cambiando o noso xeito tradicional de dar clase e pasando a ser un pouco máis “dixitais” neste senso. Por iso sería moi interesante dotar con projectores e ordenador, pouco a pouco, as aulas de Linguaxe Musical, mesmo sen pizarras dixitais (algo que, considero, non é tan imprescindible). No meu caso, comecei o curso pasado a facer o meu libro do profesor de xeito dixital somentes na asignatura de Coro, para ir adaptándome e probar se me resultaba eficaz. Neste curso teño todo dixitalizado, libro do profesor, material, libros.... sei que moitas compañeiras tamén derón este paso, por iso sería moi práctico poder contar con equipo nas aulas.

Como cada ano menciono na memoria, é fundamental e urxente, na miña opinión, a ampliación do centro por razóns obvias, e máis aínda coa situación que vivimos no que deben respetarse as distancias, algo imposible agora mesmo con tanto alumnado e o centro minúsculo que temos.

Cecilia Martínez Iglesias:

Máis medios tecnolóxicos nas aulas: xa que estamos dándolle moito uso as aulas virtuais, e a tecnoloxía ten chegado neste ano para quedarse, estaría ben dotar todas as aulas de linguaxe musical con ordenador, cañón e altavoces, pois estes medios so están nas aulas B2 e B6. Hai moitas webs e apps de práctica



auditiva, teórica, rítmica... que o alumnado pode utilizar, pero para elo é necesario poder amosarlle na clase cómo funcionan, e para iso fan falta medios tecnolóxicos en todas as aulas de linguaxe, pois índa que na aula virtual pódense colgar os enlaces a ditas páxinas, o noso alumnado que é o máis novo do centro, necesita aprender primeiro o seu funcionamento coa axuda do profesorado. Ademais en cursos como 4ºGE que estamos constantemente facendo lecturas á vista para preparar o examen de acceso a GP, evitaríase o desperdicio de moito papel se poidésemos proxectar as lecturas á vista na clase.

Evitar se é posible a semipresencialidade: para o curso que ven sería importante axustar as ratios dos grupos para evitar a semipresencialidade, pois este sistema supón moito traballo para o profesorado pero o peor é, que este traballo non se traduce en máis aprendizaxe por parte do alumnado, senón que máis ben é o contrario. O traballo virtual ten que ser un complemento ao noso ensino, pero nunca un sustituto do noso horario presencial con cada alumno/a. Se para baixar as ratios e evitar a semipresencialidade os docentes temos que ter máis horas lectivas nesta situación de pandemia, eu estaría disposta a facelas, pois o traballo co alumnado na aula ao final é menos traballo que tódalas horas de ordenador que fixemos este ano preparando materiais virtuais para obter tan pouco rendimento co alumnado.

No caso de que o curso que ven o alumnado non poida utilizar as cabinas para estudar debido ás medidas pola Covid-19, estaría ben poder aproveitar as cabinas para facer clases de RTA e PC e liberar espazos para facer grupos máis pequenos e máis horarios, e evitar as clases semipresenciais, e mellores horarios para LM e EAV para que alumnado pequeno non teña que saír despois das 20:30 horas.

Por último quería comentar a problemática que supón para as clases grupais a escolla de grupo segundo a nota. Temos falado moito no departamento de que esta forma de organizar os horarios crea bastantes desigualdades entre os gru-



pos. Ao haber problemática polo número de aulas, é imposible que todos os horarios queden en franxas boas para o alumnado, e ao escoller o grupo por orden de nota, o alumnado con máis dificultades soe concentrarse tamén nos horarios máis complicados. Isto crea grupos moi desiguais, con alumnado moi bo nuns grupos e con alumnado con moitas dificultades noutros grupos, e faise moi difícil nestes casos atendelos a todos correctamente. Penso que a variedade de niveis nunha mesma clase é parte da vida e é bo para fomentar o compañeirismo entre alumnado e tamén fomenta a mellora, pois cando tes un modelo de estudante ao que admirar iso anima a facer esforzos por mellorar, sen embargo, cando toda a clase ten as mesmas dificultades o alumnado adoita a esforzarse menos e a normalizar a situación. Sei que este xeito de escolla de horarios votouse fai anos por parte das familias, pero agora que pasou o tempo (case 10 anos) poderíamos valorar con perspectiva os pros e contras deste xeito de organización e intentar buscar xeitos de melloras. Contamos cun equipo directivo que cada ano intenta mellorar o centro e a súa organización, e escoita as propostas do profesorado, por iso penso que estaría ben falar desta problemática nos outros departamentos e na CCP e facer propostas de mellora entre todos.

Gloria Rodríguez Gil:

O alumnado de 4º de RTA este curso tivo ratio 2/1, a materia é densa e necesaria para a formación do pianista, polo que penso que é necesario recuperar con urxencia a ratio de 1/1 (1 hora por alumno ou alumna).

O alumnado de RTA escolle por orde de curso e nota académica, isto vai en detrimento do alumnado de 6º que desexa rematalos estudos coa mesma profesora. Opino que debemos comezala escolla horaria con 6º e posteriormente con 5º, xa que ao tratarse de alumnado maior de 15/16 anos non precisa de prioridades horarias como sucede no primeiro ciclo de profesional, e así fomentamos que o alumnado que cursa máis materias (último ciclo de GP) poida adecuar mellor o seu horario.

Non vexo para nada positivo a desinfección constante dos pianos, penso que o



próximo curso deben desinfectarse as mans os e as pianistas xusto antes de tocalo instrumento, para que isto non repercuta na calidade do instrumento.

Penso que o próximo curso debemos recuperalo timbre de “menos cinco” e “en punto”, xa que coa novidade do timbre a “menos cuarto” houbo moito desconcerto tanto por parte do alumnado como por parte do profesorado.

Elvira Rodríguez Pontevedra:

Neste curso tan atípico hai moitos factores que deberíanse analizar e estudar cara ao próximo curso para solucionarlos ou evitar, na medida do posible, que volva a pasar.

Cito os aspectos mais relevantes dende a miña perspectiva:

Con respecto á actividade lectiva e á organización interdepartamental. Hai un factor que, aínda que xa ven de antigo, neste curso especial se fixo mais sangrante. A obriga dos titores de informarse e facer de ponte de comunicación entre profesorado e familias foi nalgúns casos (incluso de alumnado suspenso a final de curso) inexistente, nin unha soa vez. Cito o nome do alumnado do que non tiveron contacto en absoluto co/coa seu/súa titor/a:

Posada Durán, Jorge

Carballeira Álvarez, Xandre (unha vez a mediados de curso)

Núñez Alonso, Julia

Tamén debo destacar ese alumnado que, aínda que ía aprobando as avaliacións o facía de forma moi xusta, e que, na maioría dos casos non houbo nin unha soa vez que os titores preguntaran ou se interesaran de xeito persoal por eles/elas.

A este respecto me resulta un pouco extraño a falta de coherencia entre os informes detallados que, durante o período de clases non presenciais, houbo que facer de cada alumno e alumna en particular, co escaso coñecemento que dos devanditos informes teñen ou tiveron as titoras e titores do alumnado.

Hai varios aspectos que debo destacar pois penso que influíu moi negativamente



no nivel acadado ao remate do curso polo meu alumnado (a maioría das circunstancias foron decretadas polas autoridades e de ningún xeito estou achacando os malos resultados á organización do centro). As cuestións que quero destacar son as seguintes:

Pouca ou pobre base do alumnado en xeral con respecto aos coñecementos previos relevantes para afrontar o curso con mínimas garantías.

Case todo o alumnado tiña absolutamente esquecidos (isto como mínimo) os coñecementos clave para continuar o seu adestramento nos aspectos atañentes á linguaxe musical. Especialmente no auditivo e no teórico.

O alumnado de coro sufríu tamén as consecuencias das decisións da administración educativa con respecto á súa preparación. Por un lado, e como xa levo destacando nos últimos anos, o tempo de clase é absolutamente insuficiente e, neste curso, aínda se reduciu mais pois o timbre de cambio de clase soaba a menos cuarto. Por outro lado a ratio de 1alumno/3metros é absolutamente discriminatorio con respecto ao alumnado de Linguaxe Musical (coa mesma problemática de emisión de partículas) e incluso discriminatorio co alumnado de banda pois este pode prescindir da mascara mentras toca pero non así o alumnado de coro.

Tendo en conta que a materia de Coro, malia o que subxace nos currículos educativos e ao modo de pensar de certa parte do profesorado anclada nos tempos de Matusalén, é unha materia fundamental PARA TODO O ALUMNADO DE ESPECIALIDADES MUSICAIS. Quero expor a miña proposta de cara ao próximo curso e que aínda que non resolva o problema pode axudar a sobrelevalo. A miña proposta é que se desdobren os grupos e que en vez de dous grupos de coro haxa como mínimo catro para que así o alumnado non se vexa na mesma situación que neste curso.

Con respecto ao alumnado de Linguaxe Musical debo insistir no problema da carencia de referentes mínimos no alumnado. Neste curso tiveron que loitar con



problemas que deberían terse solucionado no grao elemental e que, en moitos casos de 2º de grao profesional, seguen presentes. Esta circunstancia fixo que nalgúns casos alumnado con competencias inferiores ás necesarias superaran o curso pois considerei que tampouco estaba nas mans dese alumnado superar esas tremendas carencias.

Tamén penso que se deberían revisar cara ao próximo curso a distribución de alumnado nos grupos, pois non ten ningunha lóxica que haxa grupos de 4 persoas e outros de 13.

Outra circunstancia que tampouco considero positiva é a distribución do alumnado en “horarios bos” e “horarios malos” pois isto fai que nestes últimos a porcentaxe de alumnado con problemas de aprendizaxe se multiplique e iso repercute negativamente na súa aprendizaxe.

Este problema poderíase solucionar, en parte, establecendo os horarios de antemán e sendo o profesorado o que se adaptase aos grupos preestablecidos e non ao contrario. Esta medida pode ser impopular pois a todo o mundo lle gusta traballar cando mais lle convén pero igual iso non é factible nun centro tan pequeno e con tanto alumnado como o noso.

Diego Rodríguez Vieites:

Redeseñar a escolla de horarios para que non se formen guetos de alumnos con malos expedientes, sobre todo en horarios de última hora, que só fan que estos discentes cada vez teñan peores resultados académicos.

Tentar solucionar os problemas que podan xurdir entre os membros do claustro dunha maneira sosegada e dende o respecto, a empatía e o desexo de acadar as mellores solucións posibles para todos.

Tomar medidas efectivas e serias para que o alumnado disruptivo non impida o bo funcionamento das clases colectivas entre as que poden estar a expulsión temporal do alumnado do centro.



Idear mecanismos de supervisión do proceso de seguemento do alumnado para garantir que sempre exista comunicación entre os titores e os profesores das materias colectivas.

Tentar evitar na medida do posible que o alumnado agarde nos pasillos para entrar nas súas clases. Esta é unha das funcións máis importantes que debe levar a cabo o profesorado que estea de garda no centro.

Colocar un cartel nos baños prohibindo que o alumnado beba auga ou encha as súas botellas de auga nos mesmos.

6.6.5 Actividades extraordinarias e complementarias do Departamento

Lúa García Mencía:

Este ano, personalmente, non levei a cabo ningunha actividade extraordinaria, a excepción da continuación das clases a 4º de Grao Elemental como reforzo para as probas de acceso ao Grao Profesional.

Gloria Rodríguez Gil:

En tódolos trimestres o meu alumnado de linguaxe musical e EAV participou na miña proposta de traballo para o meu alumnado de RTA, interpretando arranxos a 2 e 3 voces de temas de música pop, rock e jazz, harmonizados e acompañados polo propio alumnado de RTA, así como no caso dunha estrea para 3 voces, percusión corporal e piano da alumna e compositora Alba Raña.

ANULADAS AS ACTIVIDADES DO terceiro trimestre: 5 alumnos/as de 5º e 6º de RTA participarían na semana das letras galegas, organizada polo departamento de dinamización da lingua galega e en colaboración co departamento de canto, interpretando composicións realizadas por eles/as mesmos/as para piano e voz dende diferentes poemas galegos.

No terceiro trimestre 8 alumnos/as do centro que formaron parte do club enxeñar, creado durante o curso 2013/14 e que se reúne unha hora á semana, crearon 2 pezas teatrais enxeñadas a partir da difícil situación que vive o mundo da música



coa pandemia. Presentamos o vídeo da VIII mostra o venres 21 de Maio no auditorio, en colaboración co Departamento de Dinamización da Lingua Galega, dado que a pandemia impediunos representar de xeito presencial. O vídeo foi colgado no canal de youtube do cmusVigo.

Ademais debo destacar que:

A resolución do 23 de Decembro de 2020 para incentivalos clubs de lectura dos centros educativos, concedeume 1000 euros que empreguei na merca de libros, rotuladores para pintar mascarillas e un micrófono profesional omnidireccional con entrada USB, para poder grabar dende o ordenador, respectando as distancias establecidas polas autoridades sanitarias.

Do 1 ao 9 de Xuño continuei coas clases dos 3 grupos de linguaxe musical, ampliando en 1 hora diaria o horario, para poder preparamos para as probas de acceso na clase colectiva, e facer simulacros individuais en quendas 1/1.

Elvira Rodríguez Pontevedra:

Por desgracia, e debido ás circunstancias, neste curso non me foi posible este tipo de actividades.



6.7 Departamento de Música Tradicional

6.7.1 Datos do alumnado

-Alumnado total do departamento

30 alumnos

-Alumnado por materia

Gaita galega: 19

Acordeón: 11

Conxunto Acordeón: 3

Conxunto Gaita Galega: 13

RTA acordeón: 6

Optativa música tradicional galega.: 5

Optativa iniciación ao jazz: 11

6.7.2 Obxectivos do profesorado para o curso

Facer que os estudantes entendan a música coma un aspecto fundamental da formación do individuo.

Fomentar a musicalidade e creatividade.

Practicar a lectura a primeira vista e a improvisación no instrumento

Conseguir que o estudante acade un bo control do instrumento en xeral, coindando a posición e correspondencia da coordinación na interpretación da música.

Aumentar memorización e imaxinación musical, así como a conexión entre o ouvido e o instrumento.

Empregar puntualmente as diferentes escolas interpretativas, tendo en conta a



evolución en distintos períodos da historia da música que concerne ás especialidades instrumentísticas, e especialmente as referidas á escritura rítmica e á ornamentación que deberá axustarse, cando proceda, ás obras a interpretar.

Asegurar que o repertorio inclúa a mellor quenda de obras representativas das diversas épocas e estilos cunha dificultade acorde ao nivel.

Seleccionar o grao de dificultade das obras ou material de traballo a interpretar para tratar de conseguir o mellor resultado do labor de conxunto do alumnado conforme a colectividade desta disciplina no curso.

-Obxectivos acadados

Todos

-Obxectivos non acadados

Ningún

6.7.3 Aspectos positivos a destacar no funcionamento xeral do centro

Boa comunicación co equipo directivo, moi boa organización do centro e xestión da crise sanitaria a nivel académico e de funcionamento, colaboración entre departamentos e co equipo directivo para a organización de actividades, bo ambiente de traballo.

6.7.4 Propostas de mellora no funcionamento xeral do centro

Ante a caída, nos últimos anos, do número de alumnos, podería ser unha boa idea abrir accesos a cursos intermedios dos estudos profesionais, tanto en gaita como en acordeón.

Co obxectivo de acadar unha mellor organización, o departamento solicita unha mellor distribución dos materiais (cadeiras e estantes), para axilizar os comezos nas clases nas aulas C16 e C17, nas franxas horarias de 19 a 22 os mércores e xoves.



A aula de acordeón quédase moi pequena para as aulas de conxunto e colectivas, solicítase un espazo máis grande con piano.

6.7.5 Actividades extraordinarias e complementarias do Departamento

Debido á crise sanitaria organízanse tres audicións virtuais onde cada estudante de grao profesional envía un video que aloxamos nunha carpeta online para que todos teñan acceso á visualización das gravacións dos compañeiros.

Colaboración co departamento de dinamización da lingua galega nas distintas actividades organizadas no curso 2020-21.

A parte das audicións online, no último trimestre o alumnado de acordeón de finais de grao profesional, así como a alumna de 4º de grao elemental, fixo unha audición presencial no auditorio.

Participación na actividade "Coñece o nos conservatorio, coñece o teu conservatorio" por parte da materia de gaita galega e acordeón.

A alumna de gaita Patricia Rodríguez participa nos premios de fin de grao do conservatorio.

O mestre de acordeón Daniel Rodríguez Meiriño xubilouse no presente curso, o departamento quere agradecer o seu traballo nestes últimos.



6.8 Departamento de Percusión

6.8.1 Datos do alumnado

-Alumnado total do departamento

33 alumnos

-Alumnado prof. Juan Antonio Vázquez Mouzo

Percusión: 17 alumnos

Conxunto: 7 alumnos

Música de Cámara: 2 alumnos

-Alumnado prof. David Rodríguez García

Percusión: 16 alumnos

6.8.2 Obxectivos do profesorado para o curso

-Obxectivos acadados

No presente curso 2020/2021 acadáronse os seguintes obxectivos do departamento:

Ofertar un ensino de calidade e atractivo que actúe ao mesmo tempo como motivador extrínseco no alumnado.

Fomentar entre o alumnado da materia unha axeitada orde das aulas e o coidado do instrumental de percusión.

Seleccionar un repertorio axeitado ao nivel do alumnado e aos obxectivos do curso adecuándonos na medida do posible aos seus intereses e gustos.

Prestar atención e adaptarnos á diversidade das capacidades do alumnado e aos seus ritmos de aprendizaxe.

Fomentar entre a comunidade educativa do departamento un bo clima de traballo



e convivencia tanto nas clases como fóra delas.

Facer partícipe e coñecedor ao alumnado do proceso de ensino –aprendizaxe e do sistema de avaliación.

Realizar un seguimento efectivo do alumnado e da programación didáctica co fin de introducir melloras no proceso de ensino – aprendizaxe en caso de ser necesario.

Manter en todo momento unha canle aberta de comunicación e cooperación entre os membros do departamento.

Colaborar na medida do posible nas actividades que leven a cabo o resto de departamentos do centro, tanto a nivel humano como loxístico.

Establecer e velar polo cumprimento das normas e medidas sanitarias axeitadas para minimizar o risco de contaxio por COVID nas clases que o profesorado de percusión sexa responsable.

-Obxectivos non acadados

Debido á situación excepcional que seguimos a vivir durante o presente curso por mor do decreto do estado de alarma e para cumprir coas medidas sanitarias estipuladas desde o propio centro, non puideron ser acadados os seguintes obxectivos:

Organizar e levar a cabo a audición do segundo trimestre.

Levar a cabo as semanas dos Concertos Fugaces.

Facilitar ao alumnado o estudo persoal naquelas horas que non estean a ser usadas as aulas de percusión polas tardes.

6.8.3 Aspectos positivos a destacar no funcionamento xeral do centro

Desde o departamento de percusión queremos destacar:

Que se estean a respectar as franxas libres de docencia nas aulas de percusión



facilitando dese modo o estudo do alumnado (cando é posible), empregándoas soamente para actividade lectiva doutros instrumentos en última instancia.

A organización e planificación do curso académico con claridade e antelación.

A comunicación fluida cos membros do equipo directivo e a súa rápida resposta.

O ambiente de traballo en xeral.

Apertura do centro en fin de semana posibilitando e facilitando a realización de actividades complementarias ou extraescolares en caso de querer programalas ou de xurdir a necesidade, ademáis de engadir tempo extra de estudo ao alumnado.

A organización e capacidade de adaptación aos cambios.

A implementación da Aula Virtual.

6.8.4 Propostas de mellora no funcionamento xeral do centro

Desde o departamento de percusión propónse:

Dispoñer da posibilidade de realizar o reparto de percusionistas para as agrupacións colectivas en colaboración cos encargados destas na medida do posible, xa que o profesorado de percusión é o que mellor coñece a este alumnado tanto musicalmente como personalmente, repercutindo desta maneira repercutiría nunha distribución máis beneficiosa tanto para eles como para a propia agrupación.

Poder seguir contando co maior tempo posible das aulas de percusión para o estudo do alumnado, e estudar a posibilidade de implantar un sistema de reserva de aulas deseñado xa polo xefe do departamento de percusión en caso de continuar para o vindeiro curso baixo a influencia do COVID.

Compra de material do que se beneficiarían non soamente o departamento de percusión, senón tamén o de conxunto (bandas, orquestras e e-jazz band) xa que este se comparte nas diversas materias. Faise necesario o seguinte instrumental:



Un timbal de 23" de cobre para completar o xogo da aula A2 e poder substituír o timbal de fibra que está agora mesmo nela e non pertence ao mesmo, aínda que nos consta que xa está en funcionamento esta proposta.

Dous soportes de dobre altura Drumcraft de caixa, por ser os máis versátiles, ou dous soportes de caixa baixos.

Uns batedores para campá (2 martelos), unha maza para o tam tam, xa que se está a empregar unha de bombo nas clases de banda, e unha pinza para o triángulo, posto que se están a empregar outro tipo de arranxos para soste este instrumento que nin permiten obter a maior calidade de son nin permiten un fácil manexo do propio instrumento

Completar o xogo de toms con 2 de maiores medidas (14" e 16") cos seus soportes.

Debido a que hai diversidade de instrumentos de pequena percusión, tales como batedores, pratos, repostos de soportes, parches, e cousas de pequeno tamaño, sería interesante valorar a compra de un armario con caixóns ou cubículos para a súa clasificación e ordenación, de modo que estiveran sempre gardados e a disposición en caso de ser necesario, fomentando dese modo o coidado do material e prolongación da súa vida de uso.

6.8.5 Actividades extraordinarias e complementarias do Departamento

A pesar de ser un ano no que practicamente houbo ausencia de actividades extraescolares ou complementarias fóra das audicións estipuladas na PXA, o departamento de Percusión, como é costume, quixo estar presente e colaborar naquelas nas que solicitou a súa presenza. Ademais de participar nos dous períodos de audicións correspondentes do centro, o alumnado de percusión levou a cabo as seguintes actividades:

Participación no concerto de clarinete celebrado na igrexa da Florida do alumno Jorge Lorenzo.



Celebración do recital de Fin de Grao por parte do alumno Jorge Lorenzo de 6ºGP.

Participación de alumnado de percusión no Clube Enxeñar (Xián Pena).



6.9 Departamento de Vento Madeira

6.9.1 Datos do alumnado

-Alumnado total do departamento

133 alumnos

-Alumnado por materia

Frauta Travesera: 26

Clarinete: 32

Óboe: 15

Saxofón: 32

Fagot: 12

Itinerario de interpretación: 16

6.9.2 Obxectivos do profesorado para o curso

-Obxectivos acadados

Alejandro Alonso García: Os principais reflectidos na programación.

Javier Abalde Alves: Tódolos, ágas no 50% do alumnado que cursou 4º de GE e 2º e 4º de GP que non conseguiu: Adquirir os hábitos e as técnicas de estudio rendibles que posibiliten a consecución dos obxectivos do curso.

Olalla Álvarez Rodríguez: Todos.

David Arroyos Juan: Todos

Felipe González Agell: Todos.

Vanesa González Nunes: Bo funcionamento e seguimento da programación plasmado no alto índice de aprobados dos discentes na materia de Clarinete.

Iago Lariño Rodal: O curso 2020/2021 estivo condicionado polo protocolo COVID



e pola activación do protocolo de ensino virtual durante case toda a segunda avaliación. Isto condicionou en gran medida a consecución e o grado dos obxectivos acadados para este curso. Obxectivos como o que fai referencia á interpretación en público ou á interpretación en grupo foron acadados dun xeito mínimo. Sen embargo, ese ensino virtual facilitou afondar máis noutros como analizar e valorar a calidade da música, tomar conciencia da importancia dunha escoita activa así como valorar o silencio como elemento indispensable para o desenvolvemento da concentración.

Carolina Martínez Costas: Todos.

Diego Rodríguez Caride: Os propostos na programación.

-Obxectivos non acadados

Iago Lariño Rodal: Levar a cabo a audición do segundo trimestre así como manter unha regularidade no traballo das obras co acompañamento de piano. Tam pouco se puido acadar o obxectivo de fomentar a participación en actividades de animación musical e cultural.

6.9.3 Aspectos positivos a destacar no funcionamento xeral do centro

Alejandro Alonso García: Actitude positiva do alumnado; adaptabilidade do alumnado ás circunstancias.

Olalla Álvarez Rodríguez: Como aspecto positivo a destacar no funcionamento xeral do centro diría que é a organización de todo o calendario escolar con: avaliacións, audicións, claustros...que xa se nos presenta ao inicio de curso.

Outro aspecto positivo en relación á materia de óboe é o feito de que se mercara un instrumento de estudo para préstamo externo e tamén unha máquina para o raspado das cañas; así como a hora de preparación de cañas da que dispoñía neste curso no meu horario tan necesaria na nosa materia.

David Arroyos Juan: Boa organización en xeral, trato cordial cos compañeiros/as



e a posta en funcionamento da aula virtual do centro.

Felipe González Agell: Boa organización.

Vanesa González Nunes: Bo funcionamento das actividades complementarias e extraordinarias especialmente con alumnado ce Conxunto de Clarinetes. Boa coordinación entre os docentes da materia da mesma especialidade e co departamento de vento madeira.

Iago Lariño Rodal: Neste curso marcado polos cambios constantes no protocolo COVID ao comezo do mesmo, é moi destacable a capacidade de traballo, organización e planificación de todo o equipo directivo, así como a súa rápida resposta a todos ese cambios.

Outro aspecto positivo é a organización e a planificación xeral do curso académico, feita de xeito moi claro e anticipado.

No período da docencia telemática, a directiva defendeu ao claustro garantindo a súa saúde e traballou para que a labor do profesorado puidese ser realizada respectando as súas necesidades. Isto permitiu que se puidese escoller realizar a actividade lectiva dende a casa ou dende o propio centro. Así mesmo, é de agradecer que non se obrigase a empregar ningunha ferramenta concreta para as clases telemáticas. As necesidades das aulas teóricas e das instrumentais non son as mesmas polo que as ferramentas que se deben empregar poden ser diferentes.

A creación da Aula Virtual foi moi necesaria e axeitada. A activación do protocolo de ensino virtual fíxoa indispensable pero é unha ferramenta á que se lle pode sacar moito partido inda que a actividade sexa de carácter presencial. Por isto proporía seguir mantendo esa ferramenta como un apoio máis ás ensinanzas do centro, en consonancia co título da PEC do conservatorio: "Unha proposta de modelo organizativo de Centro no contexto do século XXI".

Diego Rodríguez Caride: Organización en xeral tanto deste departamento como do equipo directivo



6.9.4 Propostas de mellora no funcionamento xeral do centro

Alejandro Alonso García: É necesario un novo equipo de música para a Aula B11, de cara ao vindeiro curso. O que hai na aula está moi deteriorado.

Javier Abalde Alves: En canto a dotación sería de interese contar con mascarillas FFP2 para todo o profesorado que traballamos co alumnado do departamento de vento madeira, cañas para o uso por parte do profesorado que o precise do instrumental no centro e contar no aula cunha computadora ou similar no cal rexistrar e gardar toda a documentación e xestión da aula virtual e demais necesidades telemáticas da nosa práctica de traballo, que desde sempre recae nos nosos propios medios de índole persoal.

Olalla Álvarez Rodríguez: Sería moi interesante unha clase colectiva para os alumnos de óboe de grao elemental, xa que neste grao os alumnos non teñen ningunha clase en grupo é isto motiva moito cando se comenza a estudar un instrumento.

Outra mellora que suxiro é a de seguir mercando partituras da especialidade de óboe para ampliar as que xa temos na biblioteca.

Tamén sería de gran utilidade dispoñer dun óboe profesional na nosa aula.

En relación á actividade do centro “ coñece o noso conservatorio” penso que sería importante que unha persoa adulta acompañara a cada un dos nenos e nenas nesta actividade, xa que a pesares de presentarlle o instrumento todas estas semanas da actividade non se consegue que os nenos e nenas escollan estes instrumentos minoritarios como é o caso da nosa especialidade de óboe. Entendo que este ano ca situación que estamos a vivir non puido ser posible pero igual para futuros anos podería ser unha opción.

David Arroyos Juan: A mellora da sonoridade do auditorio é unha das intervencións que podería mellorar a calidade sonora da actividade artística do centro. Propoño encargar un estudio da súa sonoridade xunto con diferentes propostas de sonorización a cargo dunha empresa especializada. Este estudio ofreceríanos



información precisa de que tipo de reforma é a máis axeitada para o noso auditorio.

Felipe Gonzalez Agell: Do funcionamento xeral do centro non teño ningunha proposta de mellora. No que se refire ás melloras do edificio sí propoño mellorar a acústica do auditorio, na parte do escenario. A miña proposta é invertir nunhas planchas de madeira sen buracos para cubrir o fondo e os laterais do escenario, o que melloraría o rebote acústico, e unha maior calidade do son.

Vanesa González Nunes: Proposta dun curso ou masterclasses impartido por un clarinetista de prestixio con vistas a unha experiencia enriquecedora a nivel artístico.

Iago Lariño Rodal: Neste apartado gustaríame expoñer a problemática que o meu alumnado atopa co sistema de reserva de ensaios coa pianista acompañante, así como algunha proposta de mellora que axude a solucionar estes problemas.

Tal e como me explica o meu alumnado, para poder realizar os ensaios coa pianista acompañante, estes deben reservarse sempre cunha semana de antelación. De xeito xeral, o alumnado, á hora de confeccionar o seu horario, tende a minimizar os días de permanencia no centro. Isto provoca que se por calquera circunstancia o ensaio previamente acordado non pode ter lugar, o alumnado ten que comunicarse coa pianista para reservar o ensaio para a seguinte semana. Como o alumnado ten, polo xeral, dous ou tres días de permanencia no centro, pode suceder que o seu horario non coincida co da pianista, o que provoca que esa semana non poida reservar o ensaio. Incluso pode ocorrer que, unha vez cancelado o ensaio, o alumnado xa non teña que volver ao centro ata semana seguinte. Isto provoca que se perda un ensaio xa que este non pode ser reservado coa semana de antelación requerida con todo o que iso conleva.

Para solucionar isto propoño valorar algunha opción de reserva de ensaios tele-



mática como a que teñen no conservatorio CMUS “Manuel Quiroga” de Pontevedra pero adaptada ao noso centro, ou ben que o alumnado simplemente avise ao pianista acompañante para comezar os ensaios e que despois estos queden establecidos sen necesidade de reserva previa cunha semana de antelación. Ben é certo que existe unha Aula Virtual para poder comunicarse co profesorado pero pode suceder que o alumnado non faga un uso diario de esta ou, incluso, que este so estea matriculado nas materias do plan de estudos xa que a matrícula do alumnado depende do profesorado e non do centro.

Tamén me gustaría propoñer que os prazos de entrega das partituras para o pianista compañante se adiantaran e se entregaran ao remate do trimestre anterior en lugar de ao comezo do seguinte. En trimestres tan curtos como o terceiro, sucede que entre a entrega aos xefes de departamento dos listados e a transmisión desa información aos pianistas se perden varios días, que ao final pode chegar a supoñer unha semana. No meu caso, entre a entrega do listado ao xefe de departamento (7 de abril) e o comezo dos ensaios neste terceiro trimestre pasaron dezanove días xa que hai que ter en conta que os ensaios deben ser reservados cunha semana de anticipación. Isto provocou que entre o primeiro día posible de ensaio (26 de abril) e o primeiro día posible de audicións (10 de maio) so houbera dúas semanas. Compre recordar que o número mínimo de ensaios para poder participar na audición segundo o PEC do conservatorio é de tres ensaios. Esta situación pode provocar que o alumnado non poida participar nas audicións trimestrais ou que, a pesar de facelo, non poida realizalas coa preparación adecuada.

Por último, gustaríame propoñer unha revisión das normas do departamento de piano acompañante no relacionado coa obriga de acompañar os premios de fin de grado xa que a redacción do mesmo pode dar lugar a dúbidas. O PEC recolle que os pianistas implicados deben ser informados da data e do programa interpretar cun mes de antelación. Neste curso entre a entrega de notas do alumnado



de 6º curso de grao profesional e as datas dos premios de fin de grao transcorreron 20 días. O alumnado non pode coñecer se cumpre o requisito da nota media para poder matricularse no premio ata a entrega de notas.

6.9.5 Actividades extraordinarias e complementarias do Departamento

Concurso para participar como solista nun concerto público do alumnado da especialidade comprendido entre os cursos 2º e 6º de GP do Conservatorio Profesional de Música de Vigo (29 de Marzo de 2021).

Concerto na igrexa de San Antonio da florida o 26 de abril de 2021 no que participou alumnado de clarinete e percusión do Conservatorio Profesional de Música de Vigo.



6.10 Departamento de Vento Metal

6.10.1 Datos do alumnado

-Alumnado total do departamento

64 estudantes de especialidades instrumentais.

12 estudantes de materias optativas.

-Alumnado por materia

Trompa: 17

Trompa (M^a del Pilar Simeó): 10

(1^oGE) 1, (2^oGE) 1, (3^o GE) 2. Total: 4

(1^oGP) 1, (2^oGP) 2, (4^oGP) 1, (5^oGP) 1, (6^oGP)1. Total: 6

Trompa (Sergio Noche): 3

(3^oGE) 1, (4^o GE) 1. Total: 2

(4^o GP) 1. Total: 1

Trompa (Óscar Davila): 4

(4^oGE) 1. Total: 1

(3^oGP) 1, (6^oGP) 2. Total: 3

Trompeta: 20

Trompeta (Luís González): 16

(3^o GE) 2, (4^o GE) 1. Total: 3

Conxunto trompeta: 3

(2^oGP) 2, (3^oGP) 1, (4^oGP) 5, (5^oGP) 2, (6^oGP) 3. Total: 13

Trompeta (Javier González): 4

(2^oGE) 1, (4^o GE) 1. Total: 2



(1ºGP) 1, (6ºGP) 1. Total: 2

Trombón: 13

(1ºGE) 1, (2ºGE) 2, (3ºGE) 1, (4ºGE) 2. Total: 6

(1ºGP) 1, (2ºGP) 1, (3ºGP) 3, (5ºGP) 1, (6ºGP) 1. Total: 7

Conxunto: (1ºGP) 1, (2ºGP) 1. Total: 2

Tuba/Bombardino: 14

(2ºGE) 1, (3ºGE) 2, (4ºGE) 1. Total: 4

(1ºGP) 2, (2ºGP) 2, (3ºGP) 1, (4ºGP) 2, (5ºGP) 1, (6ºGP) 2. Total:10

Conxunto: (1ºGP) 2, (2ºGP) 2. Total: 4

Optativa: Conciencia Corporal e Equilibrio Tónico (6ºGP): 10

Optativa: Improvisación (6ºGP): 2

6.10.2 Obxectivos do profesorado para o curso

-Obxectivos acadados

Avaliación diagnóstica do alumnado

Realización dun plan anual de formación do profesorado

Reservar a principio de curso o auditorio para o recital de fin de curso do alumnado de 6ºGP.

Revisar cos pianistas acompañantes a preparación das obras de cara as audicións.

Comunicar aos pianistas acompañantes os horarios das audicións e ter en conta as súas horas de clase de piano.

Conciliar os horarios do alumnado coas materias teóricas e cos centros de ensino xeral para escoller horarios de audición e pianista acompañante.

Entregar as partituras do repertorio aos pianistas acompañantes.



Continuidade das Materias optativas : CONCIENCIA CORPORAL E EQUILIBRIO TÓNICO, impartida por Luís Juncal, e materia de Improvisación impartida por Antonio Rodríguez.

Impartir unha clase colectiva de trombón.

Participar no proxecto “Coñece o noso conservatorio”

Realizar o Inventario das aulas.

Realizar unha audición trimestral do alumnado de Grado Elemental conxunta en trombón e bombardino.

Participación no concerto “TubaNadal”

Manter os instrumentos do centro en condicións axeitadas para o correcto uso.

Concertos de divulgación dos instrumentos de vento metal nos centros de educación primaria do entorno do conservatorio. “Ven co vento metal”. Realización dun video divulgado a través de youtube, redes e centros de primaria.

-Obxectivos non acadados

Utilización de partituras orixinais por parte do alumnado.

Concertos de divulgación “Ven co vento metal” dos instrumentos de vento metal nos centros de educación primaria do entorno do conservatorio.

Participar en actividades complementarias e extraescolares.

6.10.3 Destacar no funcionamento xeral do centro

As audicións trimestrais durante tres semanas.

Seguimento do alumnado mensual.

O proxecto “Coñece o noso conservatorio” para fomentar o coñecemento dos instrumentos e o conservatorio.

As actividades programadas no auditorio. A organización e control dos tempos.



A información aportada e o desenvolvemento do Centro por parte do equipo directivo ao longo do curso e no periodo de confinamento pola enfermidade da Covid-19.

Recursos adquiridos polo Centro para manter as medidas de protección pola pandemia da covid-19 e así poder desenvolver as clases con seguridade.

6.10.4 Propostas de mellora no funcionamento xeral do centro

C14. Modificar o mercar un gancho para pechar as ventanas que sexa cerrado, xa que o que temos e aberto e é moi complicado pechar e abrir as fiestras.

Aula C14 e B9. Mellorar a acústica e falta de insonorización para mellorar as condicións de saude auditiva do profesorado e o alumnado.

Aulas C15 e C14. Piano de parede para as aulas para mellorar a entoación e a comprensión do repertorio traballado.

Aula B9. Necesidad dun altavoz bluetooth.

Para conseguir que o alumnado de tuba comence os seus primeiros cursos coa tuba e non co bombardino, necesítanse instrumentos adaptados para alumnado de 8 anos de idade. Recoméndase ter unha tuba de pequenas dimensións no aula do Centro para estes casos.

Impartir unha ou varias clases colectivas de tuba/bombardino.

Nas audicións trimestrais ter as horas do departamento de vento metal do auditorio unidas. Deste xeito, intentarase reservar o auditorio o resto das horas de ese mesmo día para poder facilitar ao departamento a súa organización e así promover o día dos instrumentos de vento metal unha vez por trimestre.

Reservar o auditorio para as audicións do recital de fin de grado profesional do departamento de vento metal no mes de setembro para facer os recitais na primeira semana de maio, evitando así ter ocupado o auditorio nesas datas de moita actividade.



Realizar concertos de divulgación dos instrumentos de vento metal nos centros de primaria próximos e nas escolas de música de Vigo (bandas) ou no propio centro convidando aos centros de primaria a participar. Necesidade dun tríptico con información do Centro (matrículas e probas) para repartir ao alumnado asistente.

Estratexias para motivar o estudo: Clase colectiva de instrumento. Ensaio con piano de varios alumnos conxuntamente. Facer audicións de todo o alumnado do mesmo curso (1ºG.E tuba, trompeta, trombón, trompa), (2ºG.E tuba, trompeta, trombón, trompa).

Investigar e idear novas estratexias que poidan paliar ou evitar as dificultades para desenvolver a docencia, xurdidas a raíz do confinamento pola Covid-19.

Realizar unha conferencia sobre o medo escénico. Por exemplo con con Iria Saavedra.

6.10.5 Actividades extraordinarias e complementarias do Departamento

Audicións trimestrais de grao elemental ca participación conxunta do alumnado de tuba, bombardino e trombón.

Asistencia a concertos dentro das instalacións do Conservatorio.

Audicións trimestrais do alumnado no Auditorio.

Participación no proxecto “Coñece o noso conservatorio”

Proxecto do departamento de Vento Metal “Ven co vento metal” Creación dun video presentando os instrumentos de vento metal e a súa divulgación a través das redes, páxina web do conservatorio, youtube do conservatorio, e enviado por correo electrónico aos centros de primaria de Vigo.

Recitais de Fin de Grado 2020-2021: Trompa, Trompeta, Bombardino/Tuba.

Proxecto do departamento de Vento Metal “Ven co vento metal”



7. Departamento de Tecla e Piano Acompañante (memorias individuais por baixa médica das xefaturas de departamento)

7.1 Susana Pérez Otero

7.1.1 Datos do alumnado

7.1.2 Obxectivos do profesorado para o curso

-Obxectivos acadados

O alumnado acadou os mínimos esixibles referidos a lectura de pezas a primeira vista; comprensión armónica e análise de obras; acompañamento de melodías; pequenas improvisacións orientadas polo docente según distintas estruturas armónicas, motivos melódicos, patróns rítmicos ou música contemporánea (aleatoriedad, clusters, glissandos, series dodecafónicas); e a interpretación dun mínimo de tres pezas de distintos estilos. Incidindo na exploración das posibilidades mecánicas e expresivas do piano, a posición do corpo e o seu uso na interpretación, a relaxación, os pedais, Sempre tendo en conta a interdisciplinabilidade co resto de asignaturas do currículo e os beneficios para a práctica no instrumento da súa especialidade.

Debemos destacar aos discentes que o seu gusto polo piano os leva a utilizar o instrumento non como ferramenta para complementar a súa formación se non ao mesmo nivel que o seu instrumento principal. Con eles se traballan, ademais obxectivos presentes na Programación de Piano.

-Obxectivos non acadados

O alumno Davod Novoa Paz (5º GP violín), non asistiu a clase durante todo o terceiro trimestre. Por tanto, non acadou os obxectivos do curso.



7.1.3 Aspectos positivos a destacar no funcionamento xeral do centro

As facilidades que nos proporcionan para poder exercer con éxito a labor docente. A labor do equipo da aula virtual, o xefe de departamento e o equipo directivo é de agradecer. O ambiente de traballo e sempre acolledor.

7.1.4 Propostas de mellora no funcionamento xeral do centro

Destacaría o bo funcionamento da aula virtual no período das clases online e as súas posibilidades como ferramenta no proceso de ensinaza-aprendizaxe. Polo que contar cunha boa conexión de rede no Centro, nas aulas, e poder seguir co seu uso pareceume unha mellora desexable.

7.1.5 Actividades extraordinarias e complementarias do Departamento

Do meu contacto cos alumnos penso que actividades, cursos, que os axuden coa ansiedade escénica pode ser favorecedor.



7.2 Alina Pociute

7.2.1 Datos do alumnado

7.2.2 Obxectivos do profesorado para o curso

-Obxectivos acadados

-Obxectivos non acadados

7.2.3 Aspectos positivos a destacar no funcionamento xeral do centro

Na miña opinión o centro funcionou de forma moi positiva.

7.2.4 Propostas de mellora no funcionamento xeral do centro

7.2.5 Actividades extraordinarias e complementarias do Departamento

Audicións de aula de piano (prof. Alina Pociute Pociute):

Venres 18 de decembro de 2020, de 17:00 a 19:00, auditorio

Venres 23 de abril de 2021, de 17:00 a 19:00, auditorio

Audición extraordinaria de clarinete (prof. Javier Abalde):

Xoves 8 de abril de 2021, de 16:00 a 17:00, auditorio

Martes 4 de maio de 2021, de 20:00 a 21:00, auditorio

Venres 7 de maio de 2021, de 18:00 a 19:00, auditorio: recital 6ºGP

Venres 21 de maio de 2021, de 17:00 a 19:00, C9

Venres 21 de maio de 2021, de 19:00 a 20:00, auditorio

Audición extraordinaria de violín (prof. Mykolas Pocius):

Venres 18 de decembro de 2020, de 19:00 a 21:00 horas, auditorio

Luns 3 de maio de 2021, de 17:00 a 19:00, auditorio



7.3 Eva María Palacios Toledo

7.3.1 Datos do alumnado

7.3.2 Obxectivos do profesorado para o curso

-Obxectivos acadados

Cumpríuse con todos os obxectivos reflectidos na programación, en especial no referido ó repertorio mínimo de obras que han de traballar os alumnos, así como coa participación de todos os alumnos nalgunhas das audicións trimestrais organizadas polo departamento, así como en audicións de aula. Por outra banda, os alumnos de Grao Profesional de piano participaron en audicións específicas (probos de nivel) para avaliar a calidade do traballo realizado e as súas aptitudes para afrontar o curso seguinte.

-Obxectivos non acadados

7.3.3 Aspectos positivos a destacar no funcionamento xeral do centro

Organización e xestión do centro boa, en especial destacar a adaptación por parte de toda a comunidade educativa aos protocolos Covid, teniendo en cuenta as características especiais deste curso marcadas pola pandemia.

7.3.4 Propostas de mellora no funcionamento xeral do centro

7.3.5 Propostas de mellora no funcionamento xeral do departamento

7.3.6 Actividades extraordinarias e complementarias do Departamento

7.3.7 Periodo de confinamento polo Sar-CoV-2

Destacar a actitude cooperativa e comprensiva de todo o alumnado que soubo adaptarse ás circunstancias específicas que viñan marcadas polo Covid, tanto



no período de docencia no centro como no de clases telemáticas, sen menos-
cabo do rendemento individual de cada alumno e da consecución dos obxectivos
propostos na programación, a pesar das dificultades que condicionan o ensino
telemático.



7.4 Maider Ordozgoiti Egaña

7.4.1 Datos do alumnado

7.4.2 Obxectivos do profesorado para o curso

-Obxectivos acadados

En xeral, os alumnos cumpriron cos mínimos establecidos na programación de Piano: traballo de 3 obras de diferente estilo e 1 estudo por curso, e actuaron nas distintas audicións, ben no auditorio, ben na aula.

En Piano Complementario, cumpriuse cos mínimos esixidos na programación da materia.

-Obxectivos non acadados

Dúas alumnas de Piano non cumpriron cos mínimos establecidos na programación.

7.4.3 Aspectos positivos a destacar no funcionamento xeral do centro

Boa adaptación ó protocolo COVID por parte do alumnado e do profesorado. Durante o período de traballo por teledocencia, que sempre implica limitacións, xa que dificulta traballar aspectos como a calidade sonora, gama de ataques, dixitacións, pedal..., e tendo en conta que a conexión a internet e as aplicacións informáticas non sempre son óptimas (con latencia e bloqueos de son e imaxe), e que tampouco a calidade dos instrumentos que os alumnos teñen en casa é boa (a miúdo teclados), os alumnos, en xeral, traballaron mellor que o ano pasado.



7.4.4 Propostas de mellora no funcionamento xeral do centro

7.4.5 Actividades extraordinarias e complementarias do Departamento



7.5 Sara Peral Hernández

7.5.1 Datos do alumnado

7.5.2 Obxectivos do profesorado para o curso

-Obxectivos acadados

En termos xerais, os obxectivos previstos para o curso 2020-2021 foron acadados. Cabe sinalar, non obstante, que no segundo trimestre, onde estivo vixente o Plan de Ensino Virtual debido ós problemas derivados da situación sanitaria, non foi posible realizar audicións nin no auditorio nin de aula, se ben isto non impediu realizar as audicións dese trimestre mediante outros medios (dixitais e telemáticos). Doutra banda, no terceiro trimestre, para contrarrestar, o meu alumnado puido facer dúas audicións diferentes.

Igualmente, a practica totalidade do meu alumnado acadou sen problemas e superou os mínimos esixibles reflectidos na Programación Didáctica do Departamento de tecla.

PA:

Os obxectivos previstos para o curso 2020-2021 foron acadados. Se ben durante o periodo no que debido á crise sanitaria estivo activo o Plan de Ensino Virtual e non foi posible realizar ensaios presenciais nin audicións, no momento en que se retornou á actividade lectiva presencial púxose ó día o repertorio dese trimestre. Ademais, no terceiro trimestre leváronse ó cabo varias audicións con varios dos profesores ós que acompañou, para poder tocar co seu alumnado tanto o repertorio do trimestre como o que tiñan pendente de tocar do anterior.

-Obxectivos non acadados

Pese ás circunstancias excepcionais do presente curso, no que estiveron en vigor diferentes medidas como consecuencia do COVID e no que durante parte do segundo trimestre estivo activo o Plan de Ensino Dixital, non houbo obxectivos



pendentes de acadar.

PA:

Pese ás circunstancias excepcionais do presente curso, no que estiveron en vigor diferentes medidas como consecuencia do COVID (que limitaron enormemente os tempos dispoñibles de ensaios) e no que durante parte do segundo trimestre estivo activo o Plan de Ensino Dixital, non houbo obxectivos pendentes de acadar.

7.5.3 Aspectos positivos a destacar no funcionamento xeral do centro

Valórase moi positivamente a organización e planificación do centro a tódolos niveis: planificación do calendario escolar, reunións, datas das avaliacións, organización das audicións e actividades... Resulta moi positivo coñecer con antelación toda a planificación xeral e os diferentes prazos.

Descatar tamén positivamente a transparencia e a información. En todo momento o equipo directivo traslada ó profesorado todas as cuestións relacionadas co centro e a actividade lectiva. É unha constante e unha característica que merece mención.

Tamén é destacable a dispoñibilidade do equipo directivo para atender as dúbidas e cuestións que xorden durante o curso.

Por último, sinalar en este curso tan atípico debido ás circunstancias ocasionadas polo COVID, o traballo desenvolvido polo centro e, especialmente, o equipo COVID, elaborando o protocolo COVID e adoptando as diferentes adaptacións ós cambios constantes acontecidos durante todo o curso.

No que respecta ó Departamento de Tecla, funciona adecuadamente. O xefe de departamento traslada ós membros a información pertinente e, ademais, comparte diferentes materiais didácticos actuais e innovadores.

No que respecta ó Departamento de PA, funciona adecuadamente. Este curso estivemos sen xefe de departamento case todo o ano, pero tanto o xefe de PA



como o xefe de departamento de tecla e a xefatura de estudos trasladáronnos toda a información pertinente e facilitaron a organización. Doutra banda, resulta moi positiva a planificación dos prazos para que os tutores informen do repertorio a traballar cada trimestre e o seu escrupuloso cumprimento por parte de todos.

7.5.4 Propostas de mellora no funcionamento xeral do centro

Como proposta de mellora en relación á Aula Virtual do centro, podería ser interesante de cara a unha mellor organización xeral da mesma e para facilitar o seu uso, aplicar o protocolo para a denominación dos diferentes cursos. Deste xeito, todos os nomes dos cursos seguirían o mesmo patrón e facilitaríase moito a búsqueda dos mesmos.

PA:

En relación ó funcionamento do Departamento de PA cabe sinalar que debido ás medidas do protocolo COVID vixentes o presente curso, os tempos dispoñibles para ensaios víronse moi acortados polos periodos de ventilación entre os diferentes estudantes que acoden a ensaiar, especialmente no caso dos instrumentos de vento. Como consecuencia, este ano, ademais de ter ensaios máis curtos, non foi posible ter ensaio semanal co todo o alumnado. Istan circunstancias notáronse especialmente á hora de traballar repertorio máis extenso (sobre todo o dos estudantes dende 3^o-4^o de GP) ou de abordar máis dunha peza nun trimestre (como no caso do alumnado de 4^o GE para a proba de acceso a Profesional ou dos estudantes que viron no último trimestre pezas tamén do trimestre anterior).

En previsión de que estas medidas poidan estar aínda vixentes o próximo curso, podería resultar positivo que os tutores non programen repertorio con acompañamento de piano con todo o seu alumnado cada trimestre, traballando, por exemplo, con algúns deles pezas para instrumento a solo cada trimestre ou ben que non fagan audición cada trimestre todos os estudantes. Deste xeito, ó repartir o tempo de ensaio entre menos alumnos, os ensaios poderían ser máis longos.



Cando a situación sanitaria xeral mellora, podería resultar interesante organizar algunha actividade extraescolar pedagóxica para o alumnado do Departamento, como concertos didácticos ofrecidos por profesorado de piano ou clases maxistras por parte de ponentes convidados.

7.5.5 Actividades extraordinarias e complementarias do Departamento

O meu alumnado de piano participou este ano en diferentes audicións, tanto no Auditorio como na aula. No primeiro trimestre, diferentes estudantes tocaron nas audicións de Departamento do 10 de decembro de 2020, ás 16.00h e ás 17.00h. Ademais, un alumno participou no Concerto de Nadal do centro, que este ano tivo lugar en formato dixital, en *streaming* a través do canle de Youtube do Conservatorio. Doutra banda, todo o meu alumnado realizou un vídeo de felicitación de Nadal cunha interpretación dun arranxo dun villancico para 8 pianos.

No segundo trimestre, como se indicou, as audicións mutáronse por vídeos gravados polo alumnado dende ás súas casas, xa que estaba en vigor o Plan de Ensino Dixital e non podía facerse presencialmente polas circunstancias sanitarias.

No terceiro trimestre, o meu alumnado participou nas audicións do Departamento do martes 11 de maio ás 16.00h, venres 28 de maio ás 16.00h e luns 31 de maio ás 17.00 e ás 18.00h, ademais da audición de aula do 31 de maio ás 20.00h e unha audición de dous ciclos de mulleres compositoras do século XXI o martes 8 de xuño. Por último, tamén participaron nas probas de nivel de 2º, de Grao Profesional (o mércores 2 de xuño) e na Audición do alumnado da proba de acceso a Grao Profesional (o xoves 3 de xuño).

PA:

Durante o presente curso, dentro da miña labor como pianista acompañante, acompañei as seguintes audicións: tres audicións da profesora de violín Edita Shulman (os días 1 e 2 de decembro de 2020 e 20 de maio de 2021), catro audicións de clarinete da profesora Vanessa Núñez (os días 11 de decembro de



2020, dúas audicións o 4 de maio e outra o 27 de maio de 2021) e catro audicións de violín do profesor José Manuel Fernández (dúas audicións o 14 de maio, outra audición o 20 de maio e outra o 27 de mai de 2021). Doutra banda, tamén fixen unha gravación co alumnado de José Manuel o 17 de decembro de 2020 no auditorio e outras gravacións de aula con diversos alumnos ó largo do curso.

7.5.6 Periodo de confinamento polo Sar-CoV-2

Durante o periodo de vixencia do Plan de Ensino Virtual no segundo trimestre gustaríame destacar a implicación das familias, especialmente do alumnado de minor idade, pois a súa axuda foi fundamental no seguimento das clases telemáticas. Tamén resultou moi útil o entorno da Aula Virtual como ferramenta de contacto coas familias e espazo no que compartir os materiais e a información (aínda que algunhas ferramentas da mesma xeraron algúns problemas, como foi o caso de Bigbluebutton).

Doutra banda, sinalar que, durante este preiodo telemático, foi moi positivo poder levar ó cabo a actividade docente dende o propio domicilio. Isto favoreceu enormemente o seu desenvolvemento garantindo unha adecuada calidade.

A nivel xeral, a docencia telemática conta con moitas vantaxes, especialmente en periodos nos que a docencia presencial non é viable no contexto COVID. Non obstante, nunhas ensiñanzas tan particulares como as nosas non resulta sinxela, sobre todo para os estudantes máis pequenos que non teñen aínda autonomía no uso das TIC. Ademais, aínda que as tecnoloxías permiten a docencia a distancia tanto de xeito síncrono como asíncrono, non se poden avaliar adecuadamente aspectos como a calidade do son ou cuestións interpretativas. Por outro lado, na medida en que foron pasando as semanas de clases virtuais, o alumnado víase desmotivado e, mesmo, con problemas de comportamento que nas clases presenciais nunca tivera. Por último, dicir que a actividade docente telemática require dunha gran dedicación de tempo para o seu adecuado funciona-



mento, que pode chegar a pasar desapercibida. Cuestións que de xeito presencial apenas requiren tempo, na modalidade virtual multiplícase exponencialmente.



7.6 Fernando David Váscquez Pueyo

7.6.1 Datos do alumnado

7.6.2 Obxectivos do profesorado para o curso

-Obxectivos acadados

24/11/2020 Audición de chelo

1/12/2020 Audición de chelo

4/12/2020 Audición de percusión

16/12/2020 Audición de trompeta

19/4/2021 Audición de chelo

7/5/2021 Recitales de 6º GP trompeta

10/5/2021 Recital 6º GP chelo

26/5/2021 Audición de trompeta

28/5/2021 Audición de chelo

1/6/2021 Premio fin de grado gaita

2/6/2021 Audición de chelo

Grabacións de repertorio de grao elemental para apoio do alumnado durante o confinamento de marzo.

-Obxectivos non acadados

7.6.3 Aspectos positivos a destacar no funcionamento xeral do centro

7.6.4 Propostas de mellora no funcionamento xeral do centro

7.6.5 Actividades extraordinarias e complementarias do Departamento



7.7 María del Carmen Carreiras Pita

7.7.1 Datos do alumnado

7.7.2 Obxectivos do profesorado para o curso

-Obxectivos acadados

Todos

-Obxectivos non acadados

Que o alumnado puidera tocar máis en público, pero foi algo que impediu a pandemia.

7.7.3 Aspectos positivos a destacar no funcionamento xeral do centro

Todos

7.7.4 Propostas de mellora no funcionamento xeral do centro

Coido que podería mellorar a organización das audicións do departamento de tecla simplemente cunha maior colaboración por parte de todo profesorado implicado.

7.7.5 Actividades extraordinarias e complementarias do Departamento

O meu alumnado participou nas audicións trimestrais de GE e GP organizadas polo departamento, e tamén no Concerto de Nadal.

Ademáis tocaron en dúas audicións no auditorio: 26 de marzo de 16 a 17 horas e 26 de maio de 17 a 18 horas.



7.8 Berta Fresco Bello

7.8.1 Datos do alumnado

7.8.2 Obxectivos do profesorado para o curso

-Obxectivos acadados

PA: Acadáronse os obxectivos xerais do profesorado pianista acompañante, aínda que houbo que facer unha adecuación das normas do departamento debido à situación sanitaria, coma tempos ensaio/tempos de ventilación nas aulas, número de ensaios mínimos e protocolo petición dos mesmos, distancia de seguridade entre persoas dependendo do tipo de instrumento, e adecuación do sistema de audicións á normativa de aforos/ventilación.

Tecla: Acadáronse todos os obxectivos para o curso, a pesar da cancelación das clases presenciais durante varias semanas no segundo trimestre, e a cancelación da segunda semana de audicións. O interese e a implicación dos alumnos permitiron seguir coa marcha do curso, elaborando gravacións de audio, e facendo as clases de xeito telemático.

-Obxectivos non acadados

PA: No segundo trimestre non houbo clases presenciais polo que os alumnos non

poideron facer ensaios co seu pianista acompañante. Isto foi substituído no meu caso por unha actividade complementaria utilizando os recursos TIC, que resultou ser moi eficaz e enriquecedora para os alumnos.

Tecla:

7.8.3 Aspectos positivos a destacar no funcionamento xeral do centro

PA: Debido á situación sanitaria e seguindo as recomendacións, houbo que facer unha modificación da normativa de pianistas acompañantes que rixe dende hai



uns anos. A implicación do equipo directivo foi máxima, adecuando tanto os espazos como os tempos de ensaio dentro da normativa vixente, e posibilitando que a nosa tarefa poidese se levar a cabo nas mellores condicións de seguridade. A transparencia na información académica, sanitaria e organizativa en xeral, foi impecable.

A comunicación entre os profesores foi moi boa, xa que a imprevisibilidade da situación académica provocou un maior contacto entre pianista-titor, arranxando a organización do plan de ensaios de maneira compartida.

Tecla: A labor impecable do equipo directivo é un aspecto a salientar; dende a organización da axenda do curso entregada no primeiro mes do mesmo, pasando por todos os documentos coma o calendario das audicións dos diferentes trimestres, organización das avaliacións, planificación de setiembre e xuño, publicación dos tribunais de GE, GP e Premios Fin de Grao, todo isto enviado coa máxima antelación, e nunha situación sanitaria complexa que estamos a vivir. Con todos estes aspectos, o certo é que o equipo directivo poñe ao claustro nunha situación privilexiada para poder facer o noso traballo do xeito máis doado.

7.8.4 Propostas de mellora no funcionamento xeral do centro.

PA: Todos os aspectos académicos e organizativos que vironse perxudicados por mor da situación sanitaria (protocolos de aforo en audicións, claustros, reunións....prohibición de reserva de cabinas, adecuación dos tempos das clases para a ventilación das aulas.....etc), que fixeron o desenvolvemento do curso máis complicado, na miña opinión non deben ser reflectidos coma propostas de mellora no funcionamento do centro, xa que entendo que son derivados dunha circunstancia excepcional, e que serán reparados en canto o dictaminen as autoridades competentes.

Tecla: Sempre e cando a normativa sanitaria así o permita, e cumprindo cos protocolos de seguridade establecidos, sería moi beneficioso para os alumnos poder dispoñer das cabinas para o seu estudo persoal.



7.8.5 Actividades extraordinarias e complementarias do Departamento



7.9 María del Mar Gómez Vieites

7.9.1 Datos do alumnado

7.9.2 Obxectivos do profesorado para o curso

-Obxectivos acadados

Se realizaron los ensayos y las audiciones con normalidad.

-Obxectivos non acadados

Durante el periodo de docencia telemática, se tuvieron que cancelar algunas de las audiciones previstas en esas fechas.

7.9.3 Aspectos positivos a destacar no funcionamento xeral do centro

7.9.4 Propostas de mellora no funcionamento xeral do centro

7.9.5 Actividades extraordinarias e complementarias do Departamento



7.10 Sergio Lorenzo Area

7.10.1 Datos do alumnado

7.10.2 Obxectivos do profesorado para o curso

-Obxectivos acadados

Acadei a totalidade dos obxectivos que tieña estimados para este curso.

-Obxectivos non acadados

Ningún obxectivo non acadado.

7.10.3 Aspectos positivos a destacar no funcionamento xeral do centro

A dotación de todo tipo de desinfectantes e protección para poder ter a máxima hixiene e seguridade para os alumnos, alumnas, docentes e demais persoal do centro na actual situación de emerxencia sanitaria, a moi boa coordinación para dotar aulas con dous pianos para poder impartir a materia de conxunto con seguridade e a rápida dilixencia en momentos onde se tiveron que tomar decisións drásticas para resolver e procurar a mellor impartición da docencia.

7.10.4 Propostas de mellora no funcionamento xeral do centro

Ningunha proposta relevante.

7.10.5 Actividades extraordinarias e complementarias do Departamento

Debido a actual situación sanitaria non realicei ningunha actividade.



7.11 Francisco Javier Bouza Rodríguez

7.11.1 Datos do alumnado

7.11.2 Obxectivos do profesorado para o curso

-Obxectivos acadados

O curso que remata presentouse cunha serie de retos distintos a outros anos debido sobre todo á situación xeral derivada da omnipresente pandemia. Si en cursos pasados centramos os nosos esforzos en acadar determinados contidos específicos, este ano, coa experiencia do curso anterior aínda na memoria e a expectativa dun posible novo confinamento podíamos sentirnos satisfeitos mantendo un certo nivel de motivación entre o alumnado (e mesmo en nós) sen ter tan en conta o nivel dos resultados.

Isto non quere dicir que se deixaran de lado os obxectivos e contidos da programación, que foron aplicados e revisados coma sempre, pero si que foron tomados dende unha nova e interesante perspectiva.

Tanto na materia de Piano como en Piano Complementario se fixeron patentes as prioridades do alumnado, cansado e premido pola alta exixencia dos estudos xerais (secundaria, bacharelato e universidade, no meu caso) que se sentiu máis forte que nunca.

Así e todo, podemos dicir que, salvo casos particulares nos que o baixo rendimento xa se podía prever posto que non dependían tanto de axentes externos, e outros mais illados, a resposta xeral do alumnado foi satisfactoria e mesmo sorprendente nalgúns casos.

-Obxectivos non acadados

Como é lóxico todo o que tiña que ver coa dinamización do alumnado como comunidade se viu resentido pola necesidade do mantemento da distancia social. Audicións, cursos e outras actividades de grupo non obrigatorias que en outros



anos resultaran tan interesantes quedaron descartadas ou reducidas ao mínimo por este motivo.

7.11.3 Aspectos positivos a destacar no funcionamento xeral do centro

Neste ano tan particular eu falaría principalmente do bo nivel de mantemento das normas impostas por razóns sanitarias. Si ben non era difícil posto que se atopaban nunha franxa moi razoable. É certo que houbo casos individuais nos que estas normas se flexibilizaron, como tamén houbo quen as demandou máis aló do sentido común, pero entendo que en xeral se fixo o esforzo por manter un clima de certa normalidade por parte de toda a comunidade educativa.

7.11.4 Propostas de mellora no funcionamento xeral do centro

Sen comentarios

7.11.5 Actividades extraordinarias e complementarias do Departamento

Audicións de aula para amosar os resultados obtidos co traballo das obras na materia de piano.



7.12 Blanca María Vázquez Hermida

7.12.1 Datos do alumnado

7.12.2 Obxectivos do profesorado para o curso

-Obxectivos acadados

PA: Alumnado de canto de Beatriz Riobó:

Co alumnado de 4º, 5º e 6º de GP realizouse unha clase semanal presencial coa súa profesora onde se ensaiou o repertorio de cada trimestre. Co alumnado de 1º de GP realizáronse ensaios individuais, xa que aínda non teñen clase de repertorio nese curso.

Fixéronse tres audicións ao longo do curso escolar, (2 de decembro, 14 de abril e 14 de maio). No segundo trimestre non foi posible realizala polo confinamento, por iso se levaron a cabo dúas no terceiro.

Alumnado de viola de Belén Ferreiro:

Realizáronse tres audicións (22 de decembro, 22 de marzo e 31 de maio).

Alumnado de Edita Shulman:

Leváronse a cabo tres audicións (1 e 2 de decembro e 25 de maio). No segundo trimestre non se puido facer por mor do confinamento.

Tecla: As miñas alumnas acadaron os requisitos da programación para rematar o curso no que se atopaban.

A alumna de 4º de GE, aínda que aprobou, decidiu non facer a proba de acceso a GP para centrarse no instituto o ano que ven.

-Obxectivos non acadados

PA: Parte do alumnado tivo algúns problemas de confianza para tocar en público, causados pola falta de costume despois de tanto tempo sen audicións.



Tecla: Notei un baixón anímico nas alumnas ao final do segundo trimestre, que desembocou nunha falta de interese polo instrumento. Pese a que puiden facer unha audición con elas antes das vacacións de Semana Santa, penso que a volta ás clases online lles cortou un pouco o seu ritmo de traballo.

Se ben o ano pasado o progreso foi maior cando tiñamos as clases telemáticas, neste curso fíxoselles máis difícil, probablemente porque esta vez sí que tiñan colexo e instituto presencial. Aínda así, foi a única maneira de poder seguir tendo un contacto semanal con elas.

Tamén lles costou darse conta de que cando lles pedía un audio, non era para que o grabasen se máis e o enviasen sen escoitalo. É unha forma de aprendizaxe moi importante que non fan, porque lles da pereza. O feito de que vexan que gracias á crítica constructiva que elas mesmas poden facer co seu traballo lles axuda a mellorar é un avance, e probablemente o único positivo das clases online. Posiblemente o siga mantendo nos próximos cursos.

7.12.3 Aspectos positivos a destacar no funcionamento xeral do centro

PA: Penso que ante a difícil situación que vivimos este ano o funcionamento do centro foi exemplar, algo que como profesora deste claustro é digno de agradecer. O equipo directivo estivo dispoñible para calquera dúbida, e esforzándose durante todo o curso para que, pese ás restriccións, se puideran facer a maioría das actividades doutros anos, sempre cumprindo coas medidas de seguridade. Se levaron a cabo as audicións, aínda que non houbera público, realizáronse igualmente as xornadas “Coñece o noso Conservatorio, coñece o teu Conservatorio”, mantívose activo o préstamo de libros na biblioteca e se retransmitiu o Concerto de Nadal en streaming, por citar algunhas delas.

Pola miña parte me sentín moi segura dando clase, se incrementou a limpeza do centro cunha limpadora máis, houbo presenza de pantallas protectoras nas aulas e no auditorio, xel hidroalcohólico, panos e desinfectantes para superficies



e pianos, ventilación en todo momento, redución de aforos no auditorio e biblioteca (habilitando un espazo extra na entrada para levar a cabo os claustros, e para que os alumnos puidesen facer as súas tarefas) etc.

O equipo COVID fixo un gran traballo na xestión das normas COVID e informando en todo momento da situación do alumnado en corentena, sendo moi claro nas directrices a tomar neses casos. De feito, todos estes esforzos realizados deron como resultado que o curso rematara sen ningún contaxio nin gromo no centro, e sen que ningún alumno perdera clase, aínda estando confinado pola corentena.

Tecla: Penso que ante a difícil situación que vivimos este ano o funcionamento do centro foi exemplar, algo que como profesora deste claustro é digno de agradecer. O equipo directivo estivo dispoñible para calquera dúbida, e esforzándose durante todo o curso para que, pese ás restriccións, se puideran facer a maioría das actividades doutros anos, sempre cumprindo coas medidas de seguridade. Se levaron a cabo as audicións, aínda que non houbo público, realizáronse igualmente as xornadas “Coñece o noso Conservatorio, coñece o teu Conservatorio”, mantívose activo o préstamo de libros na biblioteca e se retransmitiu o Concerto de Nadal en streaming, por citar algunhas delas.

Pola miña parte me sentín moi segura dando clase, se incrementou a limpeza do centro cunha limpadora máis, houbo presenza de pantallas protectoras nas aulas e no auditorio, xel hidroalcohólico, panos e desinfectantes para superficies e pianos, ventilación en todo momento, redución de aforos no auditorio e biblioteca (habilitando un espazo extra na entrada para levar a cabo os claustros, e para que os alumnos puidesen facer as súas tarefas) etc.

O equipo COVID fixo un gran traballo na xestión das normas COVID e informando en todo momento da situación do alumnado en corentena, sendo moi claro nas directrices a tomar neses casos. De feito, todos estes esforzos realizados deron como resultado que o curso rematara sen ningún contaxio nin



gromo no centro, e sen que ningún alumno perdera clase, aínda estando confiado pola corentena.

7.12.4 Propostas de mellora no funcionamento xeral do centro

PA: Debido á redución das clases a 45 minutos, os pianistas acompañantes vímonos obrigados a facer cambios nos nosos tempos de ensaio.

No meu caso notei que algúns alumnos e alumnas que se daban conta que só ían ter dous ou tres ensaios viñan coas obras moito mellor estudadas e daba tempo de ver aspectos musicais na clase. É importante que o alumnado aproveite os ensaios para ver a obra dende outra perspectiva diferente, dándose conta do importante que é coñecer e escoitar o que fai a outra parte, e traballando outros aspectos, que ás veces por falta de tempo non se poden ver na clase de instrumento.

Moitos dos alumnos e alumnas aproveitaron os audios enviados, sen embargo, a outros lles deu pereza escoitalos e poñerse a tocar con eles. As grabacións do acompañamento de piano das obras son unha axuda para o instrumentista, aínda que non todas son posibles de facer, xa que as máis camerísticas requiren da presenza física dos intérpretes para interactuar.

Tecla: Cando poidamos voltar á normalidade creo que sería importante facer proxectos co alumnado para que vexan que tocar en público forma parte da súa aprendizaxe e que sexan capaces de disfrutalo.

Por exemplo, os máis maiores poderían abordar ciclos de obras de GE para que os escoiten os pequenos. Non lles suporía un gran esforzo tecnicamente, polo que estarían máis cómodos no escenario, e ao mesmo tempo serían máis conscientes da importancia de facer música.

7.12.5 Actividades extraordinarias e complementarias do Departamento

PA: Durante o período de clases online no segundo trimestre grabei audios coas



obras a traballar para o alumnado de canto, violín e viola.

Acompañamento do recital de 6º de Grao Profesional da alumna Sara Cayetano
Sío o día 26 de maio.

Acompañamento do Premio Fin de Grao da mesma alumna o día 1 de xuño.

Acompañamento da alumna Miriam Vila Figueirido no Concerto de Nadal.

Tecla: Durante o período de confinamento do segundo trimestre levei a cabo as
clases online no seu horario habitual e tamén lles requerín audios de pasaxes
das obras entre semana e semana.

Fixen unha audición conxunta no auditorio coa profesora Cecilia Blanco o 25 de
marzo.

Unha alumna miña tocou no Concerto de Nadal.

Realicei dúas audicións de aula.



7.13 Ana Belén López Villar

7.13.1 Datos do alumnado

7.13.2 Obxectivos do profesorado para o curso

-Obxectivos acadados

Os 3 alumnos de Piano (dous de 1º GE e un de 3º GE), acadaron os mínimos esixibles para poder promocionar.

-Obxectivos non acadados

A Audición do 2º trimestre.

No caso de PC, o alumno Omar Serroukh non promociona, xa que perdeu a avaliación continua e non se presentou ao exame final.

7.13.3 Aspectos positivos a destacar no funcionamento xeral do centro

Aprecio unha excelente conexión entre dirección - departamentos - alumnado, así como compañeirismo entre o profesorado que fai que o traballo sexa máis doado.

O impecable traballo do equipo directivo, sempre eficaz e transparente, e o boísimo funcionamento dos Departamentos (Tecla e PA) reflicten uns resultados máis que satisfactorios.

7.13.4 Propostas de mellora no funcionamento xeral do centro

Neste curso notei nos pianos unha desafinación notable (probablemente polo protocolo de manter as xanelas abertas). A miña proposta sería nun mantemento contínuo dos pianos e banquetas, conseguir pequenos deshumidificadores para as aulas cos Pianos de Cola e concienciar ao alumnado sobre a importancia do coidado do instrumento, tanto no conservatorio como na casa.



7.13.5 Actividades extraordinarias e complementarias do Departamento

7.13.6 Período de confinamento polo Sar-CoV-2

Durante o confinamento, retomamos as clases vía telemáticas, empregando diversas plataformas para levalas a cabo. A participación do alumnado foi excelente, podendo avanzar cos contidos, a pesares da non presencialidade das clases.

PA:

Tras acordar coa Profesora Carolina Martínez, puíden contactar coa maioría dos alumnos para poder levar a cabo semanalmente no horario de ensaio de cada discente o seguemento das obras a levar nese trimestre. A resposta foi moi boa por parte deles. Intercambiamos audios gravados e na hora do ensaio conectá-bamos vía telemática e comentá-bamos axustes e reaxustes a facer nas obras. Aínda que non houbera audición nese trimestre servíu como pulo ao alumnado e estudar con tranquilidade as obras.



7.14 Débora González Alborés

7.14.1- Datos do alumnado

7.14.2 Obxectivos do profesorado para o curso

-Obxectivos acadados

O listado dos obxectivos que figuran na programación foron acadados satisfactoriamente con carácter xeral, pero non todos na mesma medida ou nivel. No caso concreto da alumna que tiven, o aspecto da memoria tíñao resolto por facilidade natural, namentres que a autonomía nos criterios para estudar na casa tiña moita dependencia para resolver cuestións técnicas e expresivas.

-Obxectivos non acadados

7.14.3 Aspectos positivos a destacar no funcionamento xeral do centro

7.14.4 Propostas de mellora no funcionamento xeral do centro



7.15 María José Arestín Rivas

7.15.1 Datos do alumnado

7.15.2 Obxectivos do profesorado para o curso

-Obxectivos acadados

Foron todos os obxectivos acadados tanto na actividade presencial coma no período de actividade non presencial, onde a resposta por parte do alumnado foi moi positiva aínda que houbo que reforzar algún obxectivo e algún principio metodolóxico.

-Obxectivos non acadados

7.15.3 Aspectos positivos a destacar no funcionamento xeral do centro

Destaco os seguintes aspectos positivos no funcionamento xeral do Centro:

A contínua dedicación e traballo do Equipo Directivo pola organización do Conservatorio, sempre coa finalidade de impulsar a calidade educativa.

A xestión con eficacia e transparencia dos recursos do Centro, que se reflicte na constante mellora das condicións do mesmo.

A mellora da cantidade e calidade de servizos que ofrece o Centro, como por exemplo a Biblioteca

O labor do Equipo de Actividades, que continúa cada curso potenciando todo tipo de actividades, concertos, xornadas de "Coñece o teu Conservatorio".

A mellora da imaxe que proxecta o Centro cara ó exterior organizando actividades e concertos fóra do Centro, así como as xornadas de "Coñece o teu Conservatorio". Dentro deste punto cabe destacar o traballo realizado pola Comisión Erasmus+ na elaboración do proxecto "Música sen fronteiras", seleccionado co posto número 11 dun total de 700 solicitudes, así como a creación dun Blog onde se pode seguir toda a información relacionada con este proxecto.



No contexto COVID cabe destacar todo o traballo do equipo directivo e o equipo COVID para poñer en marcha todas e cada una das medidas de prevención para a seguridade de toda a comunidade educativa.

7.15.4 Propostas de mellora no funcionamento xeral do centro

7.15.5 Actividades extraordinarias e complementarias do Departamento



7.16 Pablo Souto Acevedo

7.16.1 Datos do alumnado

7.16.2 Obxectivos do profesorado para o curso

-Obxectivos acadados

No concerninte a asignatura de tecla, a excepción da alumna de 6º G.P “Alba Pino Gregorés”, o resto dos alumnos acadaron os obxectivos correspondentes o seu curso destacando tamén por parte deles un comportamento en xeral exemplar ante a situación de pandemia que hemos vivido durante o presente curso.

En canto a asignatura de Repertorio con piano acompañante, tamén se conseguiron os obxectivos previstos, a excepción do periodo no que houbo que impartir a docencia dende o domicilio durante o cal e por causa de forza maior, non se puideron realizar os ensaios por non poder asistir tanto o alumnado como o profesorado ó centro. Polo demáis, no resto do presente curso todo transcurriu con normalidade, tanto os ensaios como as audicións mantendo tódolos alumnos un meticuloso cumprimento das medidas adoptadas polo centro para a prevención do cóvid.

-Obxectivos non acadados

Na asignatura de tecla, a alumna de 6º G.P “Alba Pino Gregorés” non acadou ningún dos obxectivos previstos para o seu curso que acaba de rematar xa que practicamente non asistiu a ningunha clase durante o presente curso nin se presentou a ningún examen dos que estivo convocada.

7.16.3 Aspectos positivos a destacar no funcionamento xeral do centro

Destacaría a boa organización por parte do equipo directivo en todolo relacionado co bó funcionamento do centro e a impecable aplicación das medidas de



prevención fronte o Covid e por suposto, o escrupuloso cumprimento destas medidas tanto por parte do profesorado do centro como tamén por parte dos alumnos.

7.16.4 Propostas de mellora no funcionamento xeral do centro

7.16.5 Actividades extraordinarias e complementarias do Departamento

Durante o presente curso non participei en ningunha actividade extraordinaria nin complementaria tanto do departamento de Tecla como de de PA, agás as audiciones e ensaios correspondentes a cada instrumento dos que acompaño.



1.1 Arabel Moráquez Garcell

7.16.6 Datos do alumnado

7.16.7 Obxectivos do profesorado para o curso

-Obxectivos acadados

Durante el transcurso de éste curso acompañé a los alumnos tanto de grado elemental como de grado profesional de los siguientes instrumentos: Oboe, Trombón, Tuba, Bombardino y Canto. En los trimestre 1º y 3º todos los alumnos recibieron la atención debida a través de ensayos con piano y su repertorio correspondiente y la presentación del mismo en las respectivas audiciones por trimestre. En el segundo trimestre, debido a la situación del Covid 19 fué necesario dejar de ensayar y prescindir de realizar la audición de dicho trimestre. Sin embargo se suplió ésta falta de ensayos presenciales con grabaciones que realicé y envié a los alumnos de las diferentes especialidades a través del aula virtual, por lo que se pudo continuar con el trabajo de montaje y estudio de las obras con éstas grabaciones. Con lo cuál los objetivos de éste curso fueron cumplidos a pesar de las dificultades generadas por la problemática del Covid 19. También se han cubiertos los acompañamientos para los alumnos que ofrecen su recital de fin de grado, un recital de premio de fin de grado y para la semana siguiente se acompañarán a los alumnos que se presentan al pase de grado para nivel profesional.

-Obxectivos non acadados

Por mi parte ninguno

7.16.8 Aspectos positivos a destacar no funcionamento xeral do centro

La organización, el funcionamiento , el control, las medidas, los protocolos, en general, todo el funcionamiento del centro es intachable.



7.16.9 Propostas de mellora no funcionamento xeral do centro

Debido sobretodo a los problemas generados por el Covid 19 , este curso estuvo practicamente falto de actividades musicales y culturales. Situación que para el curso siguiente será rebertida seguramente con muchos conciertos y festivales, tanto por parte de estudiantes como de profesores.

7.16.10 Actividades extraordinarias e complementarias do Departamento

Conciertos, presentaciones a concursos, recitales, grabaciones, que se integran perfectamente dentro del contenido de trabajo de un pianista acompañante y los alumnos a los que se acompañan y que no deben nunca faltar.



7.17 Cecilia Blanco Formoso

7.17.1 Datos do alumnado

7.17.2 Obxectivos do profesorado para o curso

-Obxectivos acadados

Todos

-Obxectivos non acadados

Ningún

7.17.3 Aspectos positivos a destacar no funcionamento xeral do centro

A organización e o continuo apoio por parte do Equipo Directivo cara estes departamentos, e mais neste curso especialmente complicado no que ademais, non tivemos xefe de departamento de PA en todo o curso nin de Tecla no último mes.

Exceptuando algunhas persoas (poucas por sorte) o ambiente xeral de traballo no centro é moi bo pois hai unha boa relación entre a maior parte dos compoñentes do claustro, e tamén co persoal de conserxería, administración e limpeza. Eu penso que en calquera centro de traballo este aspecto repercute na calidade da actividade que se desenvolve nel.

7.17.4 Propostas de mellora no funcionamento xeral do centro

Maior implicación dalgúns profesores/as (tamén poucos) nas actividades do centro, ou cando se dan situacións necesarias de colaboración. Desta forma se descargaría de traballo a outros profesores/as que, pola súa natureza participativa, acaban facendo moito mais traballo que os primeiros.



7.17.5 Actividades extraordinarias e complementarias do Departamento

Tecla: Participación de alumnado en audicións extraordinarias (no meu caso o meu alumnado participou no concerto de nadal e en recitais os días 25/03/2021 e 27/04/2021).

PA: Participación en audicións non reflectidas na PXA; envío continuo de gravacións no periodo de confinamento.



7.18 Emilio Álvarez Cid

7.18.1 Datos do alumnado

7.18.2 Obxectivos do profesorado para o curso

-Obxectivos acadados

Piano

Cuatro alumnos de piano han cumplido con los mínimos de repertorio establecidos en la programación – en un caso con holgura, de manera más ajustada en otros dos, y muy justamente en otro caso. Validando como audiciones las grabaciones que enviaron durante el periodo “no presencial” del segundo trimestre, doy por cumplida su participación en las audiciones del curso.

Piano Complementario

Todos los alumnos han cumplido con los objetivos programados para sus respectivos cursos.

-Obxectivos non acadados

Piano

Una alumna no ha llegado a trabajar la totalidad del repertorio mínimo exigido para su curso, ni ha cumplido con los mínimos de audición establecidos.

7.18.3 Aspectos positivos a destacar no funcionamento xeral do centro

Buena adaptación, por parte del profesorado, del alumnado y de las familias, al protocolo COVID.

7.18.4 Propostas de mellora no funcionamento xeral do centro

7.18.5 Actividades extraordinarias e complementarias do Departamento



7.19 Rasa Biveiniene

7.19.1 Datos do alumnado

7.19.2 Obxectivos do profesorado para o curso

-Obxectivos acadados

Este curso foi especial marcado pola pandemia global. Con todo, os alumnos non baixaron o seu esforzo de aprendizaxe.

Grazas ao equipo directivo, á súa reacción inmediata e ás medidas necesarias para organizar clases virtuais, o alumnado acadou dos obxectivos neste curso con bo resultado.

-Obxectivos non acadados

Para os estudantes , que non teñen instrumento na casa, era imposible completar a parte práctica.

Por este motivo, substituímosa práctica por esforzarse no coñecemento da harmonía, exercicios teóricos de lectura á vista, ampliamos o seu coñecemento de musicoloxía.

7.19.3 Aspectos positivos a destacar no funcionamento xeral do centro

Impresionou organización e asignación de todas as medidas anticovid.

Sempre sentimos preocupación e responsabilidade que mostraban dirección e persoas directamente responsables da situación especial.

Quixera subliñar o impecable traballo dos traballadores da limpeza.

7.19.4 Propostas de mellora no funcionamento xeral do centro

Cando as circunstancias nolo permiten, activamos o movemento de concertos, reunións musicais con músicos importantes , activamos proxectos entre varios conservatorios de Galiza e Europa.



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL
Conservatorio Profesional de Música de Vigo



UNIÓN EUROPEA
Fondo Social Europeo
O FSE inviste no teu futuro

cmusVigo
Conservatorio Profesional de Música

Fotógrafo Felipe Prósperi s/n
36209 Vigo
Tfno: 986213395 Fax: 986206131
cmus.profesional.vigo@edu.xunta.es

7.19.5 Actividades extraordinarias e complementarias do Departamento



7.20 Yolanda Represas Carrera

A memoria final non foi entregada no prazo aprobado polo claustro.



8. Comisión de coordinación pedagóxica

8.1 Actividade da Comisión de Coordinación Pedagóxica na reunión nº 1

1. Elección de novos coordinadores/as para o presente curso académico.
2. Informe da xefatura de estudos sobre a planificación e procedementos de xestión para o presente curso académico.

8.2 Actividade da Comisión de Coordinación Pedagóxica na reunión nº 2

1. Aprobación, se procede, das actas anteriores.
2. Elección da secretaría do órgano de coordinación didáctica.
3. Seguimento do alumnado do mes de outubro.
4. Propostas para o Plan Anual de Formación do profesorado.
5. Rogos e preguntas.

8.3 Actividade da Comisión de Coordinación Pedagóxica na reunión nº 3

1. Aprobación, se procede, da acta anterior.
2. Seguimento do alumnado do mes de novembro.
3. Informe de matriculación excepcional en máis dun curso.
4. Rogos e preguntas.

8.4 Actividade da Comisión de Coordinación Pedagóxica na reunión nº 4

1. Aprobación, se procede, da acta anterior.
2. Seguimento do alumnado do mes de xaneiro.



3. Entrega, por parte da Coordinadora de Grao Elemental, do inventario dos departamentos para proceder á revisión anual.
4. Informe preliminar sobre vacantes de acceso a 1º GE e 1º GP para o vindeiro curso académico.
5. Rogos e preguntas.

8.5 Actividade da Comisión de Coordinación Pedagóxica na reunión nº 5 (suspendida por mor do confinamento)

1. Aprobación, se procede, da acta anterior.
2. Seguimento do alumnado do mes de febreiro.
3. Recollida, por parte da Coordinadora de Grao Elemental, do inventario dos departamentos.
4. Informe sobre vacantes de acceso a 1º GE e 1º GP para o vindeiro curso académico.
5. Rogos e preguntas.

8.6 Actividade da Comisión de Coordinación Pedagóxica na reunión nº 6

1. Aprobación, se procede, da acta anterior.
2. Seguimento da programación do mes de abril.
4. Rogos e preguntas.

8.7 Actividade da Comisión de Coordinación Pedagóxica na reunión nº 7

1. Aprobación, se procede, da acta anterior.
2. Matrículas de Honra do presente curso académico.
3. Conclusións finais dos Departamentos.



4. Rogos e preguntas.



9. Equipo de dinamización da lingua galega

9.1 Obxectivos propostos

O obxectivo primordial do EDLG céntranse fundamentalmente en garantir a normalidade do uso da lingua galega no centro. Para a consecución deste obxectivo xeral plantexáronse por unha parte, obxectivos específicos con respecto a aspectos xerais do curso, que enumeramos a continuación, e por outra, unha relación de actividades a realizar. A situación de pandemia polo Covid-19 afectou de maneira crucial á hora de organizar eventos, ao non permitirse a entrada de persoas externas ao centro e pola redución dos aforos, polo que algúns dos proxectos foron aprazados ou cancelados.

Conseguir que a totalidade das comunicacións internas sexan en lingua galega.

Conseguir que a totalidade da cartelería do centro se realice en lingua galega.

Establecer os contactos necesarios con todos os membros da comunidade educativa para poder desenvolver as actividades de realización permanente, é dicir, aquelas que se repiten cada ano logo da súa valoración positiva.

Darlle publicidade ás actividades do EDLG explorando novas posibilidades.

Divulgar a figura de Xela Arias, homenaxeada das Letras Galegas deste ano.

Informar da celebración de cursos Celga 4 e outros relacionados coa lingua galega.

Seleccionar actividades que impliquen o uso da lingua galega, tentando implicar ao maior número de persoas da comunidade educativa.

Levar a cabo as actividades propostas polo equipo.

9.1.1 Obxectivos acadados

En xeral os obxectivos propostos foron acadados. Incluíuse no espazo da web do centro unha páxina con información sobre actividades realizadas e anuncios



de outras por realizar. Dentro deste espazo web introducíronse links a portais con información sobre a vida e obra de Xela Arias, así como lugares de interese relacionados coa lingua: dicionarios, tradutores, convocatorias oficiais de celebración de cursos e exames para a obtención de certificacións lingüísticas oficiais, anuncios de actividades organizadas polo EDLG, etc.

Os cartaces de aviso e as comunicacións internas foron realizadas de modo xeral en galego.

9.1.2 Obxectivos non acadados

Algunhas das actividades propostas para este curso tiveron que ser canceladas ou aprazadas pola imposibilidade de celebración de actos públicos no auditorio. Entre elas están as presentacións dos libros “Irmáns Flores” e “De Botóns”, e o recital a cargo do alumnado de canto das composicións realizadas polo alumnado de RTA. No apartado das actividades detállase cada unha delas especificando a realización ou cancelación das mesmas

9.2 Aspectos positivos a destacar

A pesar das dificultades para a organización e realización de actividades neste curso, o equipo contou con colaboración por parte de toda a comunidade educativa, que axudou e participou activamente tanto na elaboración de materiais (tamén dixitais), como na montaxe e desmontaxe de elementos para a realización das actividades.

9.3 Propostas de mellora

Implementar para o curso que vén máis actividades para celebrar online e en streaming, podendo contar con persoas que se atopen lonxe fisicamente tanto para a realización como para a recepción das mesmas.



Ampliar o número de persoas implicadas no equipo, principalmente dos diferentes departamentos do centro, para poder ter acceso ás necesidades de cada un e programar actividades que impliquen á totalidade do alumnado.

9.4 Actividades

Neste apartado referenciamos as actividades programadas para este curso indicando cales foron canceladas, aprazadas e realizadas. Con respecto a estas últimas, especifícase de ser o caso que cambios houbo que realizar para facelas viables con respecto ao proxectado.

Espazo EDLG actualizado dentro da páxina web do centro – Realizada.

Difusión das actividades realizadas a través das redes sociais – Realizada.

Publicación online da Revista CUTTIME 2020/2021 – Realizada (prevista publicación en outubro).

Impresión en papel da Revista CUTTIME 2019/2020 – Realizada (sairá á imprenta durante o presente mes de xuño).

Magosto 2020 – Realizada (mes de novembro). Pese a non poder disfrutar dun magosto real con castañas para degustar, a música, as coplas e o vocabulario arredor do magosto e das castañas estiveron presentes. O EDLG preparou o material para que o profesorado que quixera traballara desde a súa aula algún dos aspectos propostos polo equipo.

Homenaxe a Ricardo Portela – Realizada (1º trimestre). O EDLG sumou aos talleres organizados polo Departamento de Música Tradicional, dando visibilidade ás súas actividades arredor da figura deste gaitero. Realizouse unha videomontaxe cos materiais preparados nas aulas arredor do repertorio de Don Ricardo, mágoa que non puido ser publicado na canle youtube do centro por problemas relacionados cos dereitos de autor dalgúns temas interpretados polo mesmo Portela.

Presentación dos libros de recente publicación “De Botóns” de Carlos Quintá e



Pedro Pascual e “Irmáns Flores. Os Gaiteiros de Novás” – Cancelada. Ambas presentacións foron canceladas ao non permitirse a entrada no centro de persoas alleas ao centro.

Coñece o noso conservatorio, coñece o teu conservatorio – Realizada (3º trimestre. Presentación dos instrumentos por parte do profesorado do centro ás persoas interesadas. En lugar da habitual visita ao centro, realizouse no auditorio organizando aos visitantes por días e quendas).

Representación do *Club de lectura e escritura con enxeño*, CLUB ENXEÑAR 2021 – Realizada (en lugar da habitual representación en directo con público xeral, proxectouse unha vídeo-montaxe no auditorio para mostrar o traballo deste curso).

Música galega para piano. “Os precursores” concerto a cargo de Alejo Amoedo con presentacións de Julio ALonso – Cancelada (xa fora aprazada do curso anterior).

Concerto do alumnado de Canto con composicións do alumnado de RTA – Cancelada (xa fora aprazada do curso anterior).

Exposición sobre o traxe tradicional galego – Realizada (situada no hall do centro, amósanse traxes completos de garda ou gala e de cotío ou feira e pezas soltas de roupa de muller e home, etiquetada cos seus nomes).

VII Memorial Henrique Otero. Concertos e actividades cos centros da contorna – Realizada (participación do alumnado de gaita con repertorio incluído no programa do terceiro trimestre).



10. Equipo de actividades culturais e de promoción das ensinanzas

10.1 Obxectivos

Organizar as actividades que a situación sanitaria permita e realizalas con ampla planificación:

- Acto de inauguración.
- Concerto de Santa Icíá.
- Concerto de Nadal.
- Fotocall e decoración Navideña.
- Concerto de Entroido.
- Acto de Graduación de 4º GE
- Acto de Graduación de 6º GP
- Gravación dos concertos para a obtención de Premio de fin de grao profesional.

Establecer mecanismos de mellora para facer difusión de todas as actividades que se realizan no Conservatorio, en especial nestes tempos de alerta sanitaria.

Realizar as tarefas asignadas de forma eficaz.

Idear novas actividades para este curso académico.

Adquirir, actualizar e reforzar os equipos de gravación para actividades do próximo curso.

10.1.1 Obxectivos acadados

Levar a cabo as actividades que nos permitiu a actual situación de alerta sanitaria.



10.1.2 Obxectivos non acadados

Non poder realizar actividades que, no momento de ter que levarse a cabo, non o permitiu a pandemia.

10.2 Aspectos positivos a destacar

Implicación por parte de todos/as os compoñentes do equipo de actividades nas actividades e tarefas a realizar.

10.3 Propostas de mellora

Máis participación e interrelación cos diferentes departamentos.

Organizar as actividades tendo en conta a toda a comunidade educativa.

10.4 Actividades realizadas

- Acto de inauguración: Cancelado
- Concerto de Santa Icíá: Cancelado
- Concerto de Nadal: tivo lugar o martes 15 de decembro ás 20:00 horas no auditorio do centro. Foi retransmitido en streaming a través da nosa canle de YouTube e contou coa participación de 16 alumnos e alumnas divididos en dous grupos e coordinados polo equipo de actividades, que en todo momento velou polo cumprimento dos protocolos.
- Vídeos da Orquestra Senior e Infantil: na última semana deste trimestre compartiremos nas redes os vídeos destas dúas formacións do centro.

A Orquestra Senior gravada dende o auditorio e a Infantil cada un dende a súa casa. Difusión nas diferentes redes sociais das actividades organizadas no Centro.

- O Concerto de Entroido, programado para o 11 de febreiro ás 20:00 horas, e que tiñamos previsto facer no auditorio sen público, pero retransmitido en liña en



directo, tivo que ser cancelado porque se suspenderon as clases presenciais e regresamos ás actividade on line.

As actividades do 2º trimestre foron canceladas practicamente todas porque dende o 27 de xaneiro ata o 12 de marzo as clases foron en liña.

- Acto de Graduación de 4º GE: Cancelado
- Acto de Graduación de 6º GP: Cancelado
- Gravación dos concertos para a obtención dos premios de fin de grao profesional.
- Publicación nas redes do vídeo do Club Enxeñar.
- Almacenamento das gravacións realizadas das actividades organizadas polo Equipo de Actividades.
- Rexistro das noticias da prensa relacionadas co noso centro.

10.5 Tarefas realizadas polos membros do EA no curso 2020/21

10.5.1 Cecilia Blanco Formoso.

Organización do Concerto de Nadal.

Planificación e organización do Concerto de Entroido.

Publicacións nas redes sociais.

Propostas para un bo funcionamento dos concertos coa aplicación dos protocolos.

Control de aspectos a mellorar no desenvolvemento dos concertos. Balance das actividades realizadas o curso pasado e propostas de mellora.

Ordenar despacho actividades.

Asistencia ás reunións convocadas.



10.5.2 David Arroyos Juan.

Control de aspectos a mellorar no desenvolvemento dos concertos. Balance das actividades realizadas o curso pasado e propostas de mellora.

Organización do Concerto de Nadal.

Planificación e organización do Concerto de Entroido.

Ordenar despacho actividades.

Clasificación da prensa.

Montar e desmontar os micros de mesa e o equipo de só para as reunións do equipo docente do centro.

Asistencia ás reunións convocadas.

10.5.3 Antonio Rodríguez Iborra.

